

1. Identificación da programación
Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36013758	Laxeiro	Lalín	2023/2024

Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
IMA	Instalación e mantemento	CSIMA03	Mecatrónica industrial	Ciclos formativos de grao superior	Réxime xeral-ordinario

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP0935	Sistemas mecánicos	2023/2024	7	187	224
MP0935_12	Axustes de sistemas mecánicos	2023/2024	7	40	48
MP0935_22	Mantemento de sistemas mecánicos	2023/2024	7	147	176

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	XESÚS BETANZOS REGO
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión inspector

2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

As funcións de montaxe, mantemento e posta a punto de sistemas mecánicos abrangue aspectos como:

1. Situación dos equipamentos e implantación da instalación.
2. Determinación e aplicación das técnicas de montaxe.
3. Supervisión ou aplicación da posta en marcha das instalacións.
4. Supervisión ou actuación nas operacións de mantemento preventivo dos sistemas mecánicos.
5. Diagnóstico de avarías e a determinación dos métodos de substitución ou reparación dos equipamentos e dos elementos das instalacións.
6. Supervisión e aplicación das medidas de seguridade e prevención de riscos laborais.

As actividades profesionais asociadas a estas funcións aplícanse en:

1. Montaxe de sistemas mecánicos.
2. Mantemento preventivo de sistemas mecánicos.
3. Diagnóstico de avarías e disfuncións.
4. Posta en marcha.

A formación do módulo contribúe a alcanzar os obxectivos xerais e), f), g), h) e l) do ciclo formativo, e as competencias d), e), f) e k).

As liñas de actuación no proceso de ensino e aprendizaxe que permiten alcanzar os obxectivos do módulo han versar sobre:

- a. Montaxe de sistemas mecánicos, utilizando como recursos as instalacións, as ferramentas e os equipamentos, tanto de uso común como específicos deste tipo de instalacións.
- a. Mantemento de sistemas mecánicos sobre as instalacións previamente montadas como das permanentes.
- a. Operacións de reparación de instalacións.
- b. Posta en marcha das instalacións.

3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
1	Montaxe e axuste dos sistemas mecánicos	Montar e axustar sistemas mecánicos, interpretando planos, esquemas, cronoloxía e metodoloxía de intervención mecánica. a s	48	20
2	Clasificación e organización do mantemento dos sistemas mecánicos.	Funcións do técnico de mantemento, Mantemento preventivo, predictivo e correctivo.	36	10
3	Diagnose de averías en sistemas mecánicos.	Identificar e empregár correctamente os utensilios e as ferramentas para a desmontaxe e a montaxe de elementos mecánicos	46	20
4	Mantemento correctivo.	Facer as operacións de mantemento correctivo, xustificando os procedementos e as técnicas de mantemento.	43	20
5	Diagnose de elementos con disfuncións	Diagnosticar os elementos de máquinas, aplicando distintas técnicas e instrumentación.	30	15
6	Prevención de riscos e protección ambiental	Aplicar a normativa de prevención de riscos laborais e de protección ambiental., así como	21	15

4. Por cada unidade didáctica

4.1.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	Montaxe e axuste dos sistemas mecánicos	48

4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Monta e axusta sistemas mecánicos, interpretando planos, esquemas e procedementos de montaxe e desmontaxe.	SI

4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Obtívose información dos planos e da documentación técnica referida aos elementos ou conxuntos que cumpra desmontar.
CA1.2 Identificouse cada un dos elementos que configuran o sistema.
CA1.3 Aplicáronse as técnicas para a desmontaxe e a montaxe dos elementos.
CA1.4 Empregáronse os utensilios e as ferramentas para a desmontaxe e a montaxe de elementos mecánicos.
CA1.5 Verificáronse as características dos elementos (superficies, dimensións, xeometría, etc.), empregando os utensilios adecuados.
CA1.6 Preparáronse os sistemas mecánicos para a súa montaxe, substituíndo, de ser o caso, as partes deterioradas.
CA1.7 Montáronse os elementos, asegurando a funcionalidade do conxunto.
CA1.8 Axustouse e reaxustouse o sistema mecánico, cumprindo as especificacións técnicas.

4.1.e) Contidos

Contidos
Análise funcional de mecanismos: redutores, transformadores de movemento lineal a circular, e viceversa, embragues, freos, trens de engraxes, poleas, caixas de cambio de velocidade, diferenciais, etc.
Acopladores de eixes de transmisión.
Medición e verificación de magnitudes nos sistemas mecánicos.
Selección do tipo de ensamblaxe.
Montaxe e desmontaxe de elementos mecánicos: Ferramentas empregadas para a montaxe e desmontaxe de elementos: utilización. Montaxe e desmontaxe de rodamentos: selección de rodamentos en función das especificacións técnicas do equipamento ou da máquina, e Montaxe de guías, columnas e carros de desprazamento.
Instalación e montaxe en planta de maquinaria e equipamentos. Técnicas de movemento de máquinas. Técnicas de instalación e ensamblaxe de máquinas e equipamentos. Cimentacións e ancoraxes. Instalacións de alimentación de máquinas e sistemas. Verificación d

4.2.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
2	Clasificación e organización do mantemento dos sistemas mecánicos.	36

4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Aplica técnicas de mantemento preventivo e predictivo en sistemas mecánicos, realizando operacións e interpretando plans de mantemento.	SI

4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Identifícanse os procedementos descritos nun plan de intervencións de mantemento.
CA1.2 Identifícanse os equipamentos e os elementos que cumpra inspeccionar a partir de esquemas, planos e programas de mantemento.
CA1.3 Seleccionáronse os utensilios para realizar as operacións de mantemento.
CA1.4 Aplicáronse técnicas de observación e medición de variables nos sistemas para obter datos da máquina ou instalación (ruídos, vibracións, niveis, consumos, temperaturas, etc.).
CA1.5 Comparáronse os resultados obtidos cos parámetros de referencia establecidos.
CA1.6 Realizáronse as operacións de limpeza, engraxamento e lubricación, axuste de elementos de unión e fixación, corrección de folguras, aliñamentos, etc., empregando as ferramentas e os utensilios adecuados.
CA1.7 Determináronse os tipos de aviso para a realización do mantemento predictivo.
CA1.8 Rexistráronse adecuadamente as anomalías detectadas e os datos necesarios para o historial da máquina.
CA1.9 Determináronse os riscos inherentes á manipulación de materiais e evacuación de residuos.

4.2.e) Contidos

Contidos
Interpretación do plan de mantemento e documentos de rexistro.
Mantemento de elementos de transmisión ríxidas (engrenaxes), de transmisións flexibles (correas e cadeas) e de sistemas de apoio (rodamentos e chumaceiras).
Máquinas, equipamentos, utensilios, ferramentas e medios empregados no mantemento.
Técnicas e procedementos para a substitución de elementos simples.
Técnicas para a detección e a toma de accións do mantemento predictivo.
Equipamentos de medición e diagnóstico.
Análise de datos para o mantemento preventivo.
Riscos na manipulación de materiais e residuos.

4.3.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
3	Diagnose de averías en sistemas mecánicos.	46

4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Diagnostica avarías e disfuncións en sistemas mecánicos, relacionando a disfunción coa súa causa.	SI

4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.1 Obtívose información da documentación técnica do sistema.
CA2.2 Relacionáronse os síntomas da disfunción cos efectos que producen.
CA2.3 Elaborouse un procedemento de intervención para a localización da disfunción.
CA2.4 Realizáronse medidas dos parámetros característicos da instalación.
CA2.5 Elaboráronse hipóteses das causas que poidan producir a disfunción ou a avaría.
CA2.6 Illouse a sección do sistema que produza a avaría ou a disfunción.
CA2.7 Identificouse o elemento que produza a avaría ou a disfunción.
CA2.8 Documentouse o proceso seguido na localización de avarías e disfuncións.

4.3.e) Contidos

Contidos
Interpretación de documentación técnica da instalación.
Procedementos de intervención.
Medición de parámetros característicos.
Técnicas para a localización de avarías.
Método de diagnóstico baseado en vibracións: Normativa. Selección de puntos de medida. Procedementos de medida. Instrumentos empregados na medición das vibracións.
Diagnóstico das causas de vibración.
Xeración de documentación.

4.4.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
4	Mantemento correctivo.	43

4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Realiza operacións de mantemento correctivo de sistemas mecánicos, con xustificación das técnicas e os procedementos de substitución ou reparación.	SI

4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA3.1 Seleccionouse a documentación técnica relacionada coas operacións de mantemento que se vaian executar.
CA3.2 Elaborouse un procedemento de intervención para a corrección da disfunción.
CA3.3 Substituíuse o elemento ou os elementos responsables da avaría.
CA3.4 Solucionouse a disfunción ou a avaría no tempo establecido.
CA3.5 Realizáronse medidas dos parámetros característicos da instalación.
CA3.6 Axustáronse os parámetros ás condicións de deseño.
CA3.7 Manexáronse con destreza e calidade os equipamentos e as ferramentas.
CA3.8 Aplicáronse as normas de seguridade nas intervencións.
CA3.9 Documentouse o proceso seguido na corrección de avarías e disfuncións.

4.4.e) Contidos

Contidos
Selección de documentación técnica.
Tempos da intervención.
Procedementos de intervención.
Medición e axuste de parámetros.
Equipamentos e ferramentas.
Substitución de elementos.
Posta a punto.
Normas de seguridade.
Xeración de documentación.

4.5.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
5	Diagnose de elementos con disfuncións	30

4.5.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA4 - Diagnóstica o estado dos elementos de máquinas, aplicando as técnicas de medición e análise descritas no procedemento.	SI

4.5.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA4.1 a documentación técnica relacionada co elemento que se vaia analizar.
CA4.2 Identifícanse os desgastes normais e anormais, comparando a superficie erosionada coa orixinal.
CA4.3 Analizáronse as posibles roturas do elemento.
CA4.4 Realizouse a medición dos parámetros característicos do elemento (dimensionais, xeométricos, de forma, superficiais, etc.).
CA4.5 Comparáronse as medidas reais coas orixinais que figuran no plano.
CA4.6 Utilizáronse os utensilios adecuados para efectuar as medicións.
CA4.7 Cuantificáronse as magnitudes dos desgastes e das erosións.
CA4.8 Relacionáronse os desgastes dos elementos coas súas posibles causas (falta de engraxamento, alta temperatura, aceite sucio, etc.).
CA4.9 Achegáronse solucións para evitar ou reducir os desgastes, as erosións ou as roturas das pezas.

4.5.e) Contidos

Contidos
Selección de documentación técnica.
Técnicas para a identificación da parte danada.
Defectos tipo nos sistemas mecánicos.
Tipos de fallo en chumaceiras, en rodamentos e en transmisións flexibles.
Síntomas do fallo.
Causas do fallo.
Relación entre sistemas e causas.
Análise de superficies.
Tipos de desgastes e erosións.

4.6.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
6	Prevención de riscos e protección ambiental	21

4.6.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA5 - Aplica as normas de prevención de riscos laborais e de protección ambiental, identificando os riscos asociados, así como as medidas e os equipamentos para os previr.	SI

4.6.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA5.1 Identifícanse os riscos e o nivel de perigo que supón a manipulación de materiais, ferramentas, utensilios, máquinas e medios de transporte.
CA5.2 Identifícanse as causas máis frecuentes de accidentes na manipulación de materiais, ferramentas, máquinas e equipamentos.
CA5.3 Descríbense os elementos de seguridade (proteccións, alarmas, pasos de emerxencia, etc.) das máquinas e os equipamentos de protección individual (calzado, protección ocular, indumentaria, etc.) que se deben empregar nas operacións do proceso de fabricac
CA5.4 Relacionouse a manipulación de materiais, ferramentas, máquinas e equipamentos coas medidas de seguridade e protección persoal requiridas.
CA5.5 Determináronse os elementos de seguridade e de protección persoal que se deben adoptar na preparación e na execución das operacións do proceso de fabricación.
CA5.6 Aplícase a normativa de seguridade, utilizando os sistemas de seguridade e de protección persoal.
CA5.7 Identifícanse as posibles fontes de contaminación ambiental.
CA5.8 Clasifícanse os residuos xerados para a súa retirada selectiva.
CA5.9 Xustifícase a importancia das medidas de protección, no referente á súa propia persoa, á colectividade e ao ambiente.
CA5.10 Valorouse a orde e a limpeza das instalacións e dos equipamentos como primeiro factor de prevención de riscos.

4.6.e) Contidos

Contidos
Identificación de riscos.
Prevención de riscos laborais nas operacións de montaxe, posta a punto e mantemento de sistemas mecánicos.
Sistemas de seguridade aplicados ás máquinas empregadas para a montaxe, a posta a punto e o mantemento de sistemas mecánicos.
Equipamentos de protección individual.
Cumprimento da normativa de prevención de riscos laborais.
Cumprimento da normativa de protección ambiental. Normativa reguladora en xestión de residuos.

5. Mínimos exigibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

Os mínimos exigibles para alcanzar a avaliación positiva, xa están definidos e mostrados por unidades didácticas.

Para adquirir as competencias de cada unidade formativa, deberase superar, satisfactoriamente, as seguintes fases do proceso formativo:

--Realizar de forma completa os traballos, propostos o longo do curso. Todos serán valorados sobre 10, e os que se realicen ou entreguen pasado o prazo establecido pra cada un, terán unha sanción de 3 puntos, que serán restados da cualificación dos mesmos.

--Superar o exame conceptual, pode ser un ou varios, serán valorados sobre 10, e deberán acadar como mínimo unha cualificación de 5 puntos.

--Superar o exame práctico, pode ser un ou varios, serán valorados sobre 10, e deberán acadar unha cualificación mínima de 4 puntos.

A cualificación final calcularase mediante a seguinte fórmula:

Cualificación final = (media de Traballos x 0,4) + (media de Exames conceptual x 0,3) + (media de Exames práctico x 0,3)

6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

Lembrar que pra superar as unidades formativas deberanse ter acabados tódolas tarefas propostas durante o curso.

O longo do curso irei rexistrando criterios acadados por cada alumno, a partires do cal serán deseñadas as actividades de recuperación. De non dar acadado os obxetivos previstos, o longo do curso, o alumno fará unha proba final, para recuperar os contidos pendentes.

O lugar e hora pra a realización desta proba, está publicada no calendario anual de exames e no aula virtual deste módulo.

6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

Pra superar as unidades formativas deberanse ter realizados tódolas tarefas propostos durante o curso e se acadara perda de avaliación continuada, realizarase unha proba por cada unidade formativa, que consistirá en:

-Para a unidade formativa 1: Realizar un exame teórico, e desmontar e montar correctamente un sistema mecánico.

-Para a unidade formativa 2: Realizar un exame teórico, diagnosticar e correxir a avería nunha das máquinas dor aula taller.

O lugar e hora de realización das probas, está publicada no calendario anual de exames e no aula virtual deste módulo.

7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

Realizarase un seguimento periódico da programación, contrastando o previsto e o realizado, tendo en conta:

-número de períodos lectivos cumpridos,

-unidades didácticas impartidas e resultados das probas realizadas.

Analizado o pretendido, o conseguido e adoptaremos os axustes necesarios.

Complementarase coa coavaliación do profesor cos compañeiros do seminario.

8. Medidas de atención á diversidade

8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

Avaliación inicial, realizarase no primeiro mes, valorará os coñecementos previos dos alumnos, e en que grao os posúen. Serviranos para concretar o punto de partida e axustar a programación.

Para avaliar estes coñecementos previos realizarase un test escrito, preguntas curtas e probas de habilidade motora, non terán valor para os efectos de cualificación.

Tamén nos servirá pra saber se temos alumnos con necesidades especiais, e valorar posibles adaptacións curriculares de ser preciso.

8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

- Repaso xeral de toda a materia, prestando especial atención a aquelas partes nas que os alumnos teñen dificultades.
- Corrección dos exercicios propostos para a casa.
- Repetición das practicas de taller na que o alumno non acadara os obxectivos, facendo especial fincape nos problemas de cada alumno.
- De ser necesario, adaptar a realización de algunhas tarefas a necesidades concretas ou específicas do alumno.

9. Aspectos transversais

9.a) Programación da educación en valores

Son contidos esencialmente referidos a actitudes e valores, que afectan a todas ás áreas, debendo ser desenroladas a o longo de toda a escolaridade.

Plantexarnse actividades e situacións que se integren dentro dos contidos da área como por exemplo:

EDUCACIÓN AMBIENTAL:

- Respecto á natureza examinando os posibles impactos que un obxecto o sistema técnico produce no entorno natural, social e cultural durante a súa construción, uso ou eliminación.
- Elección de materias primas axeitadas, o seu aproveitamento óptimo, reciclaxe, xeración de refugallo mínimo, uso racional das enerxías.
- Educación para a saúde:
- Normas de seguridade e hixiene, criterios de utilización de materiais, ferramentas e máquinas.
- Ambiente de traballo agradable, condicións ambientais axeitadas, limpeza e orde.

EDUCACIÓN PARA A IGUALDADE:

- Evitar reparto discriminatorio de tarefas e responsabilidades.
- Emprego de linguaxe, textos e ilustracións non sexistas.

EDUCACIÓN PARA A PAZ:

- Debates sobre o uso pacífico de coñecementos e avances técnicos, no papel dos medios informativos e a publicidade.
- Práctica do respecto, tolerancia, cooperación.

EDUCACIÓN MORAL E CÍVICA

- Interese e respecto cara ás solucións adoptadas polos demais.
- Analizar criticamente as consecuencias do desenrolo industrial sobre os valores morais, culturais, tempo libre e ocio.

9.b) Actividades complementarias e extraescolares

"Todos os anos téntase levar ó alumnado a unha empresa cuxa actividade esté relacionada cos contidos do ciclo, para que vexan como será o seu traballo na realidade; traer algún técnico ou conferenciante a dar unha charla sobre calquera dos temas da actualidade relacionados co módulo, ou visitar algunha feira relacionada co sector para actualizarse e coñecer as novidades técnicas do sector relacionado coa mecatrónica industrial. A realización destas actividades depende, entre outras cousas, do presuposto do departamento, e da disposición das empresas a aceptar visitas. As actividades propostas para este curso son:

- Visita a BIEMH 2024, Feira Internacional de Máquina Herramienta, de Bilbao, no terceiro trimestre.
- Visita a empresas da zona relacionadas cos contidos impartidos no ciclo."

10.Outros apartados

10.1) Pulicidade da programación

Para garantir o derito do alumnado a coñecer a programación e fundamentalmente os criterios de avaliación e mínimos exisibles, así como o nivel mínimo que se considera necesario para ter superado éste módulo, as programacións do departamento incluído éste módulo, subiranse a paxina web do IES, onde poderán ser consultadas en calquer momento, así mesmo no tablón de anuncios da aula figurará unha copia impresa da programación.

O principio do curso, na primeira clase que se teña co alumnado, informaráselle da posibilidade de consultala, sempre que queiran, accedendo a páxina web. Nesa mesma clase de presentación, comentaráselles os aspectos fundamentais do desenrolo do módulo ó longo do curso e aclararanse as dúbidas que prantexe o alumnado ó respecto. Ademais ó longo do curso, ó comenzo de cada unidade didáctica indicaráselle os alumnos os Resultados de Aprendizaxe que se perseguen e os criterios de avaliación que se aplicarán cara acreditar que se acadan os obxetivos didácticos e o nivel mínimo exisibo en cada caso, así como os instrumentos de avaliación que utilizarán.

1. Identificación da programación
Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36013758	Laxeiro	Lalín	2023/2024

Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
IMA	Instalación e mantemento	CSIMA03	Mecatrónica industrial	Ciclos formativos de grao superior	Réxime xeral-ordinario

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP0937	Sistemas eléctricos e electrónicos	2023/2024	8	213	255
MP0937_12	Equipamento eléctrico industrial	2023/2024	8	60	72
MP0937_22	Configuración, montaxe e mantemento de sistemas de automatización industrial	2023/2024	8	153	183

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	ANTONIO BLANCO RAMOS
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión inspector

2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

Tal como se establece no propio currículo deste ciclo superior,

"A competencia xeral deste título consiste en configurar e optimizar sistemas mecatrónicos industriais, así como planificar, supervisar e/ou executar a súa montaxe e o seu mantemento, seguindo os protocolos de calidade, de seguridade e de prevención de riscos laborais, e de respecto ambiental".

Este módulo profesional contén a formación para desempeñar as funcións de montaxe e mantemento de instalacións de alimentación e automatismos electrotécnicos.

A función de montaxe e mantemento abrangue aspectos como:

- Identificación de normativa.
- Interpretación de esbozos e planos.
- Identificación e selección dos equipamentos e elementos da instalación.
- Elaboración e planificación de memorias técnicas, plans de montaxe, posta en servizo e mantemento.
- Aplicación de técnicas de montaxe e mantemento.

As actividades profesionais asociadas a esta función aplícanse en:

- Definición das características da instalación e colocación dos equipamentos.
- Xestión dos recursos e equipamentos da instalación, de acordo coa normativa e cecoñecendo o anteproxecto.
- Cálculo e selección dos elementos e sistemas propios das instalacións.
- Organización e montaxe de instalacións de alimentación e automatismos electrotécnicos.
- Posta en marcha e verificación do funcionamento das instalacións.
- Elaboración da documentación gráfica e os esquemas a partir dos datos obtidos, cumprindo a normativa e os requisitos do anteproxecto.
- Desenvolvemento, coordinación e supervisión das intervencións de montaxe e/ou mantemento das instalacións e os equipamentos.
- Documentación da xestión do mantemento e a reparación de instalacións e equipamentos, deseñando as operacións de comprobación, substitución dos seus elementos e axustes dos equipamentos, en condicións de calidade, seguridade e respecto polo ambiente.

A formación do módulo contribúe a alcanzar os obxectivos xerais do ciclo formativo :

- a) Identificar a información salientable, analizando e interpretando documentación técnica, para obter os datos necesarios na montaxe e no mantemento.
- b) Dimensionar os equipamentos e os elementos das máquinas e das liñas automatizadas de produción, aplicando procedementos de cálculo e atendendo ás prescricións técnicas, para configurar e calcular a instalación ou o equipamento.
- e) Verificar as especificacións técnicas de máquinas, equipamentos e liñas automatizadas de produción, contrastando os resultados e realizando probas de funcionamento, para supervisar a montaxe e o mantemento.
- f) Describir as avarías ou disfuncións de elementos, equipamentos e liñas automatizadas de produción, analizando as relacións causa-efecto producidas, para diagnosticar e localizar avarías.
- g) Verificar os equipamentos e os elementos de comprobación das máquinas e das liñas automatizadas, realizar probas e axustar valores de consigna, para supervisar parámetros de funcionamento.
- h) Seleccionar os utensilios e os repostos adecuados, aplicando técnicas de montaxe, recuperación e substitución de compoñentes, para supervisar ou executar os procesos de reparación de maquinaria, equipamento industrial e liñas automatizadas de produción.
- i) Determinar as actuacións e os medios materiais e humanos, elaborando os plans e as fichas de traballo para organizar, supervisar e aplicar protocolos de seguridade e calidade.

- k) Identificar os sistemas mecánicos, hidráulicos, pneumáticos e eléctricos dunha instalación, utilizando a documentación técnica dos equipamentos e as instalacións para elaborar os procesos operacionais de intervención e os programas de mantemento, e para establecer os niveis de repostos mínimos.
- l) Verificar os parámetros de funcionamento, realizando probas e axustes e utilizando a documentación técnica para pór a punto os equipamentos.
- n) Verificar equipamentos e elementos de control, realizando probas e axustando valores, para pór en marcha a instalación.
- ñ) Documentar as intervencións realizadas tanto en montaxe como en mantemento, utilizando medios informáticos, para elaborar documentación.
- o) Analizar e utilizar os recursos e as oportunidades de aprendizaxe relacionados coa evolución científica, tecnolóxica e organizativa do sector e as tecnoloxías da información e da comunicación, para manter o espírito de actualización e adaptarse a novas situacións laborais e persoais.

A formación do módulo contribúe a alcanzar as competencias do ciclo formativo :

- a) Obter os datos necesarios para programar a montaxe e o mantemento dos sistemas mecatrónicos.
- b) Configurar sistemas mecatrónicos industriais, seleccionando os equipamentos e os elementos que os compoñen.
- d) Supervisar e/ou executar os procesos de montaxe e mantemento de sistemas mecatrónicos industriais, controlando os tempos e a calidade dos resultados.
- e) Supervisar os parámetros de funcionamento de sistemas mecatrónicos industriais, utilizando instrumentos de medida e control, e aplicacións informáticas de propósito específico.
- f) Diagnosticar e localizar avarías e disfuncións que se produzan en sistemas mecatrónicos industriais, aplicando técnicas operativas e procedementos específicos, para organizar a súa reparación.
- g) Elaborar os procedementos de aprovisionamento e recepción de repostos e consumibles, a partir da documentación técnica, para o mantemento de maquinaria, equipamento industrial e liñas automatizadas de produción.
- h) Establecer os niveis de repostos mínimos para o mantemento de maquinaria, equipamento industrial e liñas automatizadas de produción.
- j) Programar os sistemas automáticos, comprobando os parámetros de funcionamento e a seguridade da instalación, seguindo os procedementos establecidos en cada caso.
- k) Supervisar ou executar a posta en marcha das instalacións, axustando os parámetros e realizando as probas e as verificacións necesarias, tanto funcionais como regulamentarias.

As liñas de actuación no proceso de ensino e aprendizaxe que permiten alcanzar os obxectivos do módulo han versar sobre:

- Identificación das tipoloxías de instalacións de alimentación e automatismos electrotécnicos.
- Configuración e selección dos sistemas e elementos da instalación.
- Respecto pola normativa correspondente no deseño e no desenvolvemento da instalación, e adopción das accións necesarias para o seu cumprimento por parte dos equipamentos.
- Planificación da montaxe e a verificación de instalacións tipo.
- Desenvolvemento de procedementos de configuración e posta en marcha.
- Elaboración de plans de mantemento.

Despréndese de todo isto a adecuación do currículo ás características do ámbito produtivo e a necesidade de adaptación ás novas esixencias do mercado laboral, cada vez máis internacional, que precisa capacidade de aprendizaxe permanente e continuo reciclaxe e posta ao día, á vez que non se deben esquecer as capacidades persoais e sociais que faciliten a integración en equipos de traballo con diversidade cultural, idiomática, etc, e saber interrelacionarse adecuadamente en distintos contextos.

3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)	Resultados	Resultados de aprendizaxe				
					MP093 7_12	MP0937_22				
						RA1	RA2	RA3	RA4	RA5
1	Principais magnitudes eléctricas. Elementos eléctricos dunha instalación, máquina ou equipo industrial. Simboloxía	Nesta unidade estudaranse as magnitudes físicas relacionadas coa electricidade e os elementos de natureza eléctrica-electrónica nunha máquina, nun equipamento industrial ou nunha liña automatizada, describindo a función que realizan e a súa relación co resto de elementos.	30	12	X					
2	Máquinas eléctricas. Transformadores.	Nesta unidade estudaranse as principais características das máquinas eléctricas estáticas: Transformadores e autotransformadores monofásicos e trifásicos	12	12	X					
3	Máquinas eléctricas rotativas de CA/CC. Arranque, freada e variación de velocidade.	Nesta unidade estudaranse as principais características das máquinas eléctricas rotativas de corrente alterna e corrente continua.	30	14	X					
4	Elaboración de esquemas eléctricos (mando e forza). Simboloxía.	Nesta unidade realizaranse esquemas eléctricos (mando e forza), identificando os aparellos que interveñen neles e coñecendo o funcionamento de todos os elementos do automatismo.	30	14		X				
5	Montaxe de instalacións de alimentación e automatismos. Arranque, freada e variación de velocidade de motores.	Nesta unidade montaranse instalacións de alimentación e automatismos para o arranque, freada e a variación de velocidade de motores, interpretando esquemas e aplicando as técnicas de montaxe adecuadas.	93	12			X			
6	Diagnose de avarías en instalacións eléctricas e electrónicas.	Nesta unidade aprenderase a diagnosticar avarías e disfuncións en instalacións de alimentación e automatismos electrotécnicos asociados, e identificar as súas causas, en relación cos elementos responsables.	20	12				X		
7	Mantemento de instalacións eléctricas e electrónicas.	Nesta unidade estudarase como manter instalacións de alimentación e automatismos electrotécnicos asociados, substituíndo elementos, verificando o funcionamento da instalación e aplicando estratexias asociadas ao mantemento predictivo, correctivo e preventivo.	20	12					X	
8	Prevenção de riscos, seguridade e protección ambiental.	Nesta unidade aprenderase a cumprir as normas de prevención de riscos laborais e de protección ambiental, identificando os riscos asociados, así como as medidas e equipamentos para os previr.	20	12						X
Total:			255							

4. Por cada unidade didáctica

4.1.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	Principais magnitudes eléctricas. Elementos eléctricos dunha instalación, máquina ou equipo industrial. Simbología	30

4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Identifica os elementos de natureza eléctrica-electrónica nunha máquina, nun equipamento industrial ou nunha liña automatizada, describindo a función que realizan e a súa relación co resto de elementos.	NO

4.1.c) Obxectivos específicos da unidade didáctica

Obxectivos específicos	Act	Título das actividades	Duración (sesións)
1.1 Identificar a estrutura e os compoñentes que configuran as instalacións de subministración de enerxía eléctrica nunha máquina ou liña automatizada. 1.2 Caracterizar os elementos de protección empregados nas instalacións eléctricas.	1	Subministro de enerxía e elementos de protección	6,0
2.1 Coñecer as principais magnitudes dunha instalación eléctrica 2.2 Coñecer e manexar os instrumentos de medida eléctricos (polímetro), realizando medicións sobre circuitos sinxelos previamente montados.	2	Principais magnitudes e medidas eléctricas.	16,0
3.1 Relacionar os sensores e os transdutores da máquina co resto de elementos. 3.2 Identificar os dispositivos e a estrutura dos buses de comunicacións nunha máquina ou liña automatizada. 3.3 Coñecer a simbología eléctrica	3	Elementos eléctricos básicos dunha máquina	8,0
TOTAL			30

4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exixibles	Peso cualificación (%)
CA1.1 Identificouse a estrutura e os compoñentes que configuran as instalacións de subministración de enerxía eléctrica nunha máquina ou liña automatizada.	● PE.1 - A estrutura e os compoñentes que configuran as instalacións de subministración de enerxía eléctrica nunha máquina ou liña automatizada.	S	20
CA1.2 Identificáronse os tipos e as características dos PLC e dos PC industriais.	● PE.2 - Os tipos e as características dos PLC	N	1
CA1.4 Relacionáronse os sensores e os transdutores da máquina co resto de elementos.	● PE.3 - Os sensores e os transdutores da máquina co resto de elementos.	S	19
CA1.5 Identificáronse os dispositivos e a estrutura dos buses de comunicacións nunha máquina ou liña automatizada.	● PE.4 - Os dispositivos e a estrutura dos buses de comunicacións nunha máquina ou liña automatizada.	S	20
CA1.12 Calculáronse parámetros e magnitudes fundamentais das instalacións.	● PE.5 - Parámetros e magnitudes fundamentais das instalacións.	S	20
CA1.13 Caracterizáronse os elementos de protección empregados nas instalacións eléctricas.	● PE.6 - Os elementos de protección empregados nas instalacións eléctricas.	S	20
TOTAL			100

4.1.e) Contidos

Contidos
Elementos de aparellos eléctricos.
Cálculo de parámetros e magnitudes fundamentais das instalacións.
Elementos de protección contra contactos directos e indirectos, sobreintensidades e sobretensións.
Sensores e transdutores.
Sistemas eléctrico-electrónicos de protección e seguridade.
PLC e PC industriais.
Compoñentes e buses de comunicación industriais.

4.1.f) Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
Subministro de enerxía e elementos de protección	<ul style="list-style-type: none"> Explicación dos elementos que interveñen no subministro da enerxía eléctrica. Explicación dos elementos de protección das instalacións. 	<ul style="list-style-type: none"> Atender as explicacións do docente e tomar apuntes. 	<ul style="list-style-type: none"> Comprensión dos elementos de subministro de enerxía e dos elementos de protección das instalacións. 	<ul style="list-style-type: none"> Contadores, ICP, IGA, ID, PIA, etc. Ordenador, canón, pizarra e internet. 	<ul style="list-style-type: none"> PE.1 - A estrutura e os compoñentes que configuran as instalacións de subministración de enerxía eléctrica nunha máquina ou liña automatizada. PE.6 - Os elementos de protección empregados nas instalacións eléctricas. 	6,0
Principais magnitudes e medidas eléctricas.	<ul style="list-style-type: none"> Explicación dos fundamentos de electricidade. Explicación da Lei de Ohm Calculo de resistencia segundo a sección. Asociación de resistencias serie, paralelo e mixto. Explicación de potencia. Unidade de potencia. Explicación do polímetro para medir magnitudes eléctricas. Explicación de como medir co vatímetro e co fasímetro. Explicación do selector de función e escala. 	<ul style="list-style-type: none"> Resolver cuestións e problemas 	<ul style="list-style-type: none"> Ficha de traballo 	<ul style="list-style-type: none"> Instrumentos de medida eléctrica Ordenador, canón, pizarra e internet. 	<ul style="list-style-type: none"> PE.5 - Parámetros e magnitudes fundamentais das instalacións. 	16,0

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
Elementos eléctricos básicos dunha máquina	<ul style="list-style-type: none"> Explicar o funcionamento dos elementos básicos eléctricos dunha máquina, mostrándoos fisicamente ou sobre catálogo (contactores, relés, temporizadores, pulsadores, interruptores, etc.) 	<ul style="list-style-type: none"> Atender ás explicacións do profesor e tomar apuntes. Realizar montaxes básicos de instalacións de alumbrado e realizar medicións sobre eles (tensión, intensidade, etc.). Supervisar e orientar o traballo. 	<ul style="list-style-type: none"> Coñecemento das magnitudes fundamentais en montaxes básicos. Coñecemento dos principais elementos eléctricos dunha instalación. Coñecemento da simbología eléctrica normalizada. 	<ul style="list-style-type: none"> Contactores, relés, temporizadores, pulsadores, interruptores, etc. Ordenador, canón, pizarra e internet. 	<ul style="list-style-type: none"> PE.2 - Os tipos e as características dos PLC PE.3 - Os sensores e os transdutores da máquina co resto de elementos. PE.4 - Os dispositivos e a estrutura dos buses de comunicacións nunha máquina ou liña automatizada. 	8,0
TOTAL						30,0

4.2.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
2	Máquinas eléctricas. Transformadores.	12

4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Identifica os elementos de natureza eléctrica-electrónica nunha máquina, nun equipamento industrial ou nunha liña automatizada, describindo a función que realizan e a súa relación co resto de elementos.	NO

4.2.c) Obxectivos específicos da unidade didáctica

Obxectivos específicos	Act	Título das actividades	Duración (sesións)
1.1 Coñecer e identificar as principais características das máquinas eléctricas estáticas: Transformadores monofásicos e trifásicos. 1.2 Coñecer e identificar as principais características dos transformadores de medida.	1	Transformadores, autotransformadores e transformadores de medida.	6,0
2.1 Conexionar os transformadores monofásicos. 2.2 Analizar os parámetros dos transformadores monofásicos.	2	Conexión transformadores monofásicos. Parametros	2,0
3.1 Conexionar os transformadores trifásicos. 3.2 Analizar os parámetros dos transformadores trifásicos.	3	Conexión transformadores trifásicos. Parametros	4,0
TOTAL			12

4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exixibles	Peso cualificación (%)
CA1.6 Identifícanse as características dos motores de corrente continua e alterna, así como dos transformadores.			0
CA1.6.1 Identifícanse as características dos transformadores.	● PE.1 - As características dos transformadores	S	33
CA1.7 Relacionáronse os parámetros dos motores de corrente alterna e continua (monofásicos e trifásicos) e transformadores co seu funcionamento en servizo e baleiro.			0
CA1.7.1 Relacionáronse os parámetros dos transformadores co seu funcionamento en servizo e baleiro.			0
CA1.7.1.1 Relacionáronse os parámetros dos transformadores monofásicos co seu funcionamento en servizo e baleiro.	● PE.2 - Os parámetros dos transformadores monofásicos co seu funcionamento en servizo e baleiro.	S	33
CA1.7.1.2 Relacionáronse os parámetros dos transformadores trifásicos co seu funcionamento en servizo e baleiro.	● PE.3 - Os parámetros dos transformadores trifásicos co seu funcionamento en servizo e baleiro.	S	34
TOTAL			100

4.2.e) Contidos

Contidos
Características dos transformadores.

Contidos
Parámetros dos motores de corrente alterna e continua (monofásicos e trifásicos) e transformadores. Funcionamento en servizo e baleiro. Parámetros dos transformadores. Funcionamento en servizo e en baleiro Parámetros dos transformadores monofásicos. Funcionamento en servizo e en baleiro Parámetros dos transformadores trifásicos. Funcionamento en servizo e en baleiro

4.2.f) Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
	Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	
Transformadores, autotransformadores e transformadores de medida.	<ul style="list-style-type: none"> Explicar o principio de funcionamento dos transformadores. Relación de transformación. Clasificar os tipos de transformadores: monofásicos, trifásicos, autotransformadores. Conexión de diferentes transformadores. 	<ul style="list-style-type: none"> Atender ás explicacións do profesor e tomar apuntes. Realización de exercicios de deseño e cálculo dos parámetros dun transformador: número de voltas do primario e do secundario e diámetro de conductor do primario e do secundario. Realizar medicións das diferentes magnitudes nos transformadores conectados polo profesor, analizando a forma en que esta conectado . 	<ul style="list-style-type: none"> Coñecemento das partes que constitúen un transformador. Coñecemento do funcionamento dun transformador. 	<ul style="list-style-type: none"> Ordenador, canón, pizarra e internet. Transformadores trifásicos e monofásicos. Aparatos de medida. 	<ul style="list-style-type: none"> PE.1 - As características dos transformadores 	6,0
Conexión transformadores monofásicos. Parametros	<ul style="list-style-type: none"> Explicar como conectar os transformadores monofásicos, e conectar a saída un receptor monofásico. 	<ul style="list-style-type: none"> Realización da montaxe e medición de magnitudes fundamentais dos transformadores monofásicos. 	<ul style="list-style-type: none"> Coñecemento para realizar as conexións e a montaxe dun transformador monofásico . 	<ul style="list-style-type: none"> Ordenador, canón, pizarra e internet. Transformador monofásico. Receptores. Polímetro. 	<ul style="list-style-type: none"> PE.2 - Os parámetros dos transformadores monofásicos co seu funcionamento en servizo e baleiro. 	2,0
Conexión transformadores trifásicos. Parametros	<ul style="list-style-type: none"> Explicar como conectar os transformadores trifásicos e conectar a saída un receptor trifásico. 	<ul style="list-style-type: none"> Realización da montaxe e medición de magnitudes fundamentais dos transformadores trifásicos. 	<ul style="list-style-type: none"> Coñecemento para realizar as conexións e a montaxe dun transformador trifásico . 	<ul style="list-style-type: none"> Ordenador, canón, pizarra e internet. Transformador trifásico. Receptores. Polímetro. 	<ul style="list-style-type: none"> PE.3 - Os parámetros dos transformadores trifásicos co seu funcionamento en servizo e baleiro. 	4,0
TOTAL						12,0

4.3.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
3	Máquinas eléctricas rotativas de CA/CC. Arranque, freada e variación de velocidade.	30

4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Identifica os elementos de natureza eléctrica-electrónica nunha máquina, nun equipamento industrial ou nunha liña automatizada, describindo a función que realizan e a súa relación co resto de elementos.	NO

4.3.c) Obxectivos específicos da unidade didáctica

Obxectivos específicos	Act	Título das actividades	Duración (sesións)
1.1 Coñecer e identificar as principais características das máquinas eléctricas rotativas de corrente alterna e corrente continua.	1	Máquinas eléctricas rotativas.	2,0
2.1 Coñecer e identificar as principais características das máquinas eléctricas rotativas de corrente continua.	2	Máquinas eléctricas rotativas de corrente continua	6,0
3.1 Coñecer e identificar as principais características das máquinas eléctricas rotativas de corrente alterna.	3	Máquinas eléctricas rotativas de corrente alterna	6,0
4.1 Coñecer os sistemas de arranque dos motores asincronos. 4.2 Coñecer os sistemas de freada dos motores asincronos. 4.3 Coñecer os sistemas para a regulación da velocidade dos motores asincronos.	4	Sistemas de arranque, freado e regulación de velocidade dos motores asincronos.	16,0
TOTAL			30

4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exixibles	Peso cualificación (%)
CA1.3 Identifícanse os actuadores de natureza eléctrica presentes nas máquinas ou liñas automatizadas.	● PE.1 - Os actuadores de natureza eléctrica presentes nas máquinas ou liñas automatizadas.	S	13
CA1.6 Identifícanse as características dos motores de corrente continua e alterna, así como dos transformadores.			0
CA1.6.2 Identifícanse as características dos motores de corrente continua e alterna.			0
CA1.6.2.1 Identifícanse as características dos motores de corrente continua.	● PE.2 - As características dos motores de corrente continua.	S	13
CA1.6.2.2 Identifícanse as características dos motores de corrente alterna.	● PE.3 - As características dos motores de corrente alterna.	S	13
CA1.7 Relacionáronse os parámetros dos motores de corrente alterna e continua (monofásicos e trifásicos) e transformadores co seu funcionamento en servizo e baleiro.			0
CA1.7.2 Relacionáronse os parámetros dos motores de corrente alterna e continua (monofásicos e trifásicos) co seu funcionamento en servizo e baleiro.			0
CA1.7.2.1 Relacionáronse os parámetros dos motores de corrente continua co seu funcionamento en servizo e baleiro.	● PE.4 - Os parámetros dos motores de corrente continua co seu funcionamento en servizo e baleiro.	N	4
CA1.7.2.2 Relacionáronse os parámetros dos motores de corrente alterna (monofásicos e trifásicos) co seu funcionamento en servizo e baleiro.	● PE.5 - Os parámetros dos motores de corrente alterna (monofásicos e trifásicos) co seu funcionamento en servizo e baleiro.	N	5

Critérios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exixibles	Peso cualificación (%)
CA1.8 Recoñecéronse os sistemas convencionais e electrónicos de arranque, variación de velocidade e freada de motores asíncronos de corrente alterna.	<ul style="list-style-type: none"> PE.6 - Os sistemas convencionais e electrónicos de arranque, variación de velocidade e freada de motores asíncronos de corrente alterna. 	S	13
- Identificar as variables físicas que haxa que regular ou controlar.
- Verificar o funcionamento da instalación.
- Realizar axustes.

- Documentar o proceso de montaxe.
- Elaborar un plan de intervención para o diagnóstico da avaría.
- Identificar os síntomas da avaría ou disfunción.
- Realizar medidas nos circuitos.
- Elaborar hipóteses das posibles causas da avaría ou disfunción.
- Localizar o subsistema ou bloque responsable da avaría.
- Identificar os elementos que producen as disfuncións ou avarías.
- Documentar o proceso de diagnose.
- Traballar en equipo.
- Elaborar un procedemento de intervención.
- Reconstruír parte da instalación.
- Substituír elementos das instalacións.
- Aplicar técnicas de mantemento preventivo, correctivo e predictivo.
- Realizar axustes nas instalacións.
- Poñer en funcionamento a instalación.
- Ter en conta os tempos de realización das operacións de mantemento.
- Documentar as intervencións realizadas.
- Traballar en equipo.
- Operar tendo en conta as disposicións regulamentarias para a protección da saúde e a seguridade do persoal fronte ao risco eléctrico.
- Identificar os riscos e o nivel de perigo que supón a manipulación de materiais, ferramentas, utensilios, máquinas e medios de transporte.
- Operar con máquinas e ferramentas, respectando as normas de seguridade.
- Identificar as causas máis frecuentes de accidentes na manipulación de materiais, ferramentas, máquinas de corte e conformación, etc.
- Recoñecer os elementos de seguridade e os equipamentos de protección individual e colectiva (calzado, protección ocular, indumentaria, etc.) que se deben empregar nas operacións de montaxe e mantemento.
- Identificar o uso correcto dos elementos de seguridade e dos equipamentos de protección individual e colectiva.
- Relacionar a manipulación de materiais, ferramentas e máquinas coas medidas de seguridade e protección persoal requiridas.
- Identificar as posibles fontes de contaminación ambiental.
- Clasificar os residuos xerados para a súa retirada selectiva.
- Valorar a orde e a limpeza de instalacións e equipamentos como primeiro factor de prevención de riscos.

5.2. Criterios de cualificación:

A nota para cada unha das avaliacións parciais, así coma para a final será un número enteiro de 1 a 10 e considerarase aprobado cando se acade o 5.

5.2.1. Para obter a nota da primeira avaliación, ponderaranse os seguintes exames ou traballos:

- a.- Exame teórico tipo test con vinte preguntas (catro respostas), tendo en conta que por cada resposta mala se restará a metade de unha boa (25% da nota).
- b.- Exame de problemas (25% da nota).
- c.- Montaxe de supostos prácticos de distintos circuitos de sistemas eléctricos, que se desenvolveran ó longo da avaliación (50% da nota).

O alumnado que acade cando menos un 4 en cada un dos puntos anteriores, e despois da ponderación acade ou supere o 5, terá superada a avaliación. Se en algún dos apartados anteriores non acadara un 4, levará a avaliación suspensa (como máximo un catro)

5.2.2 Para obter a nota da segunda avaliación, ponderaranse os seguintes exames ou traballos:

- a.- Exame de problemas (25% da nota).
- b.- Montaxe de supostos prácticos de distintos circuítos de sistemas eléctricos, que se desenvolveran ó longo da avaliación (75% da nota).

O alumnado que acade cando menos un 4 en cada un dos puntos anteriores, e despois da ponderación acade ou supere o 5, terá superada a avaliación. Se en algún dos apartados anteriores non acadara un 4, levará a avaliación suspensa (como máximo un catro)

5.2.3 Para obter a nota da terceira avaliación, ponderaranse os seguintes traballos:

- a.- Deseño do esquema e montaxe do cadro dunha seccionadora de aglomerado (50% da nota).
- b.- Detección e reparación de avarías (50% da nota).

O/a alumno/a que acade cando menos un 4 en cada unha das probas, obterá unha nota ponderada según os porcentaxes reflectidos; unha vez feito isto, pódense dar tres casos:

- O/a alumno/a non acadara o 5, levará como máximo un 4.
- O/a alumno/a acadara cando menos o 5 pero ten partes pendentes das primeiras avaliacións, levará como máximo un 4.
- O/a alumno/a acadara cando menos o 5 e ten as primeiras avaliacións aprobadas, farase media das tres e esa será a nota da terceira e coincidirá coa da final.

Para a valoración das montaxes prácticas teranse en conta os seguintes criterios:

- Correcto montaxe dos equipos respectando prescricións técnicas, correcto manexo de ferramentas e pulcritude na montaxe.
- Verificación e posta en marcha da práctica respectando as medidas de seguridade.
- Correcto funcionamento do suposto práctico.
- Correcta confección dos esquemas.
- Entrega no tempo establecido.

Cada criterio dos anteriores valorarase de 1 a 10; obter unha puntuación menor de 4 nalgún deles supón non ter superada a práctica (aínda que a media entre tódolos criterios acade ou supere o 5), debendo resolver o alumno os defectos atopados na práctica, para poder superala.

Criterios de cualificación para a avaliación final.

A nota será un número enteiro de 1 a 10 e considerarase aprobado cando se acade o 5. Para obtela farase media entre as ponderacións das tres avaliacións, tendo en conta que cando sexa necesario recuperar algun apartado de alguna avaliación, a nota de esa parte, que se empregará para o cálculo, (ponderación despois da recuperación) será como máximo un 5.

6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

Realizaranse probas de recuperación das unidades didácticas non superadas, sempre e cando o alumno/a se comportara correctamente,

participara de xeito positivo e intentara acadar os criterios de avaliación e tendo en conta as circunstancias que influíron nese resultado negativo.

As probas de recuperación teórico-prácticas escritas, das unidades didácticas non superadas faranse ó inicio da seguinte avaliación, salvo nas da terceira que coincidirán en data, lugar e hora coa proba escrita dos alumnos que perderon o dereito á avaliación continua.

As unidades didácticas de carácter práctico que se desenrolan ao longo do curso, e que abranguen as tres avaliacións, consideraranse superadas aprobándoas na última avaliación, aínda que nas anteriores estivera suspensa, xa que a dificultade das montaxes de sistemas eléctricos vai en aumento ó longo do curso. Se algún alumno ó final da terceira avaliación, tivera pendente algunha destas unidades didácticas e a media non lle dera para aprobar, deberá facer unha proba de carácter práctico. Esta proba coincidirá ca que se lle realiza ós alumnos con perda do dereito a avaliación continua.

6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

Como este módulo está integrado por dúas unidades formativas que se desenvolven de maneira cronolóxica, é posible que un alumno perda o dereito de avaliación continua xa na primeira avaliación ou no comezo do segundo trimestre e teña que facer unha proba extraordinaria que abrangue todos os mínimos esixibles no currículo; ou ben que teña superada a UF1 e só deba examinarse da UF2.

No caso de que teña todo o módulo suspenso a proba desenvolverase en dúas partes de 60 minutos cada unha correspondentes con cada Unidade Formativa.

Cada parte constará dun cuestionario teórico-práctico sobre os contidos conceptuais xerais que integran cada UF e unha proba práctica que se realizará no taller eléctrico para acreditar os contidos procedimentais incluídos no currículo. A non realización ou non superación dunha das partes implica o suspenso do módulo porque indica que non se acadan os obxectivos ou mínimos esixidos no currículo do mesmo.

O cuestionario teórico-práctico será unha proba escrita a cerca dos contidos que se desenrolan ó longo do curso, e incluirá:

-20 preguntas tipo test con catro respostas e so unha correcta (cada unha fallada desconta a metade dunha boa e as non contestadas non contan).

Cada pregunta vale 0,25 puntos.

-5 problemas teórico-prácticos. Cada problema vale 1 punto (deben estar ben desenrolados, ordenados e o resultado ser correcto).

A proba práctica no taller, na cal se realizará un ou mais montaxes eléctricos, nos que para o seu montaxe e correcto funcionamento sexa necesario aplicar a maioría dos procedementos de montaxe e verificación de circuitos eléctricos que se estudan ó longo do curso.

Os criterios de avaliación e de cualificación serán os mesmos que para o resto dos alumnos.

Cada parte de exame puntuarase sobre 10, e só se fará nota media entre as distintas partes da proba cun catro, debendo acadarse desta maneira un cinco como media en cada Unidade Formativa. A nota final do módulo será o resultado da media acadada entre a proba da UF1 e a UF2. Se se suspende unha das unidades formativas o módulo non se supera.

A data de realización desta proba de avaliación extraordinaria será convenientemente publicitada, no tablón de anuncios do instituto, dentro do calendario de probas extraordinarias que se fixan cada final de curso académico.

No caso de que só se teña que presentar a superar unha unidade formativa incorporárase á proba na fase que lle corresponda.

Para facer esta proba o alumnado deberá traer un bolígrafo azul, lápiz e unha calculadora básica, non programable. Non se pode utilizar o móbil como calculadora, que en calquera caso deberá depositalo apagado, á entrada da proba, na mesa do docente.

7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

Coa axuda desta aplicación e na versión de traballo realizarase un seguimento periódico da programación e recolleranse as posibles desviacións que se vaian producindo sobre a programación inicial así como valorando o resultado das actividades prantexadas en relación coa temporalización e os obxectivos acadados, para introducir variacións no futuro que poidan mellorar a programación inicial e a práctica docente.

Mensualmente ademais farase unha posta en común na reunión de departamento para analizar e reflexionar sobre os resultados obtidos nas respectivas experiencias docentes dos integrantes do mesmo.

A final de curso pasarase unha enquisa ó alumnado para que valoren o desenvolvemento das clases, a práctica docente, a adecuación da esixencia ó currículo do módulo, clima de clase,...;etc. Así mesmo, poderán facer suxestións e á vista das súas respostas poderei reflexionar sobre o meu xeito de dar clase, aspectos a conservar e aspectos a mellorar no futuro.

8. Medidas de atención á diversidade

8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

No mes de outubro farase unha avaliación inicial para coñecer o nivel do alumnado, que permitirá determinar se poderá seguir con aproveitamento e fluidez as clases deste módulo. Con esta proba inicial detéctase a existencia de alumnado orixinario doutros países e con dificultades na fala, e mesmo tamén o distinto nivel que se pode dar na clase cando hai alumnado procedente dun ciclo medio e alumnado procedente xa de estudos universitarios, ou ben de xente maior que decide volver á formación despois de quedarse no paro e que lle costa máis utilizar o ordenador cun programa básico de textos, etc. Tamén se pode detectar o hábito de traballo que ten cada un, a súa motivación, etc.

A proba de avaliación ten como obxectivo comprobar o nivel de competencias básicas en canto a cálculo básico, coñecementos de electricidade e coñecemento e dominio das TIC.

Tamén se lles pregunta polo seu coñecemento do ciclo e as expectativas que teñen con relación a este módulo.

Esta proba desenvólvese de forma oral ao longo dos primeiros días do curso, non se lle facilita ningún tipo de calificación nin comentario ó alumnado, aínda que serán comentadas co titor do grupo e co resto do equipo docente por se fora preciso adoitar algunha medida especial con relación a algún alumno e elaborar algún informe.

8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

No caso de que o alumno non acadase globalmente os obxectivos programados segundo sexa o caso tomaranse as seguintes medidas para que poida acadalos:

-Ampliación do prazo de entrega do traballo ou realización dunha práctica ou tarefa cando non responde ós criterios de avaliación establecidos previamente polo docente, pero enténdese que cunha ampliación do prazo poderá mellorar o traballo e corrixir os erros que se detecten.

-Non superación dunha proba escrita ou cuestionario, se unha vez escoitadas as razóns dadas polo alumno, o docente considera que o único problema foi de non adicarlle suficiente tempo á preparación da mesma, fixará unha nova data para repetir a proba escrita.

- No caso de que se observe que é falta de comprensión dos contidos aprendidos, primeiro será preciso reforzalos con explicacións de apoio, en momentos acordados entre o/s alumno/s e o docente, que non supoñan alteración da organización académica para ninguén, (sinalando un día pola tarde á semana para facer exercicios ou tarefas, consultar e aclarar dúbidas, etc.). É posible, que do seguimento destas actividades de reforzo o docente observe que os obxectivos ou mínimos xa foron acadados. Dará por acadados os mínimos e rematadas as sesións de apoio ou reforzo.

No caso de que non fora posible desenvolver clases presenciais de reforzo (porque se trata dun alumno que é de fora de Lalín e non ten en que vir fora do horario lectivo) o docente proporcionaríalle un boletín con actividades para facer pola súa conta e sinalarían un recreo ou máis, para corrixir os erros e aclarar as dúbidas que se prantexen. Neste caso, se das cuestións que prantexa o alumno se desprende que se superaron as dificultades que impedían acadar os mínimos esixibles tamén se entenderá que xa están acadados os mínimos. No caso contrario, aínda que o

alumno diga que sí que o entende, o docente pasaralle unha proba para que o acredite e de superala xa non haberá maior problema. En calquera caso, será preciso que o alumno amose interese e esforzo, do contrario non se pode falar de reforzo ou apoio, nin de recuperación. Cando o alumno promociona a segundo curso do ciclo co módulo suspenso, dependendo das circunstancias poderanse establecer medidas de apoio e seguimento con atención individualizada determinados días e horas fora do horario lectivo, incluso sinalando datas e horas para a celebración de probas, para intentar que aprobe en marzo e poida ir á FCT. No caso de que quede para xuño xa se diseña un calendario con actividades lectivas, nas que se lles imparten clases presenciais de reforzo e repaso, e ó final fánse probas escritas e exercicios prácticos que deberán superar.

No relativo ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo (ACNEAE), dicir que a día de hoxe non temos alumnado con estas características. Se na avaliación inicial se detecta algún caso, aplicaranse os protocolos establecidos pola consellería para os diferentes casos. Tamén dispoñemos dun dossier elaborado polo departamento de orientación para poder guiarse.

9. Aspectos transversais

9.a) Programación da educación en valores

Son contidos esencialmente referidos a actitudes e valores, que afectan a todas as áreas, debendo ser desenroladas ó longo de toda a escolaridade, a necesidade de que adquiran competencias sociais e persoais, esixe que o alumnado amose actitudes e comportamentos respetuosos cos demais e coas normas e co seu contorno.

Plantexaranse actividades e situacións que se integren dentro dos contidos da área como por exemplo:

1.- Educación ambiental:

-Respeto á natureza examinando os posibles impactos que un obxecto o sistema técnico produce no entorno natural, social e cultural durante a súa construción, uso ou eliminación.

-Elección de materias primas axeitadas, o seu aproveitamento óptimo, reciclaxe, xeración de refugallo mínimo, uso racional das enerxías.

2.- Educación para a saúde:

-Normas de seguridade e hixiene, criterios de utilización de materiais, ferramentas e máquinas.

-Ambiente de traballo agradable, condicións ambientais axeitadas, limpeza e orde.

3.- Educación para a igualdade:

Tendo en conta que neste perfil profesional a maioría son homes, débese de razoar e intercambiar datos e opinións ó respecto.

-Evitar reparto discriminatorio de tarefas e responsabilidades.

-A igualdade de homes e mulleres, medidas de conciliación da vida labora e familiar

-Emprego de linguaxe, textos e ilustracións non sexistas.

4.- Educación para a paz:

-Debates sobre o uso pacífico de coñecementos e avances técnicos, no papel dos medios informativos e a publicidade.

-Práctica do respecto, tolerancia, cooperación.

5.- Educación moral y cívica:

-Interese e respecto cara ás solucións adoptadas polos demais.

Analizar criticamente as consecuencias do desenvolvemento industrial sobre os valores morais, culturais, tempo libre e ocio.

9.b) Actividades complementarias e extraescolares

Todos os anos téntase levar ó alumnado a unha empresa cuxa actividade esté relacionada cos contidos do ciclo, para que vexan como será o seu traballo na realidade; traer algún técnico ou conferenciante a dar unha charla sobre calquera dos temas da actualidade relacionados co módulo, ou visitar algunha feira relacionada co sector para actualizarse e coñecer as novidades técnicas do sector relacionado coa mecatrónica industrial.

A realización destas actividades depende, entre outras cousas, do presuposto do departamento, e da disposición das empresas a aceptar visitas.

As actividades propostas para este curso son:

- Visita a BIEMH 2024, Feira Internacional de Máquina Herramienta, de Bilbao, no terceiro trimestre.
- Visita a empresas da zona relacionadas cos contidos impartidos no ciclo.

10.Outros apartados

10.1) Publicidade da programación

Para garantir o dereito do alumnado a coñecer a programación e fundamentalmente os criterios de avaliación e mínimos esixibles, así como o nivel mínimo que se considera necesario para ter superado este módulo, as programacións do departamento, incluído este módulo, subiranse á páxina web do IES, onde poderán ser consultadas en calquera momento.

Ó principio de curso, informaráselle ao alumnado da posibilidade de consultala sempre que queiran, accedendo á páxina web. Nesa mesma clase de presentación comentaráselle os aspectos fundamentais no desenvolvemento do módulo ó longo do curso e aclararanse as dúbidas que prantexe o alumnado ó respecto.

1. Identificación da programación
Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36013758	Laxeiro	Lalín	2023/2024

Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
IMA	Instalación e mantemento	CSIMA03	Mecatrónica industrial	Ciclos formativos de grao superior	Réxime xeral-ordinario

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP0938	Elementos de máquinas	2023/2024	4	107	128

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	NIEVES OTERO SALGADO
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión inspector

2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

O perfil profesional deste título de técnico superior en mecatrónica industrial determínase pola súa competencia xeral, polas súas competencias profesionais, persoais e sociais, así como pola relación de cualificacións e, de ser o caso, unidades de competencia do Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais incluídas no título.

"A competencia xeral deste título consiste en configurar e optimizar sistemas mecatrónicos industriais, así como planificar, supervisar e/ou executar a súa montaxe e o seu mantemento, seguindo os protocolos de calidade, de seguridade e de prevención de riscos laborais, e de respecto ambiental".

Cualificacións profesionais completas incluídas no título:

Planificación, xestión e realización do mantemento e a supervisión da montaxe de maquinaria, equipamento industrial e liñas automatizadas de produción, IMA377_3 (Real decreto 182/2008, do 8 de febreiro), que abrangue as seguintes unidades de competencia.

-UC1282_3: planificar e supervisar a instalación en planta de maquinaria, equipamento industrial e liñas automatizadas.

-UC1283_3: planificar ou mantemento de instalacións de maquinaria, equipamento industrial e liñas automatizadas.

-UC1284_3: supervisar e realizar ou mantemento de instalacións de maquinaria, equipamento industrial e liñas automatizadas.

-UC1285_3: controlar as probas e realizar a posta en marcha de instalacións de maquinaria, equipamento industrial e liñas automatizadas.

Cualificacións profesionais incompletas:

Deseño de produtos de fabricación mecánica, FME037_3 (Real decreto 295/2004, do 20 de febreiro):

-UC0106_3: automatizar os produtos de fabricación mecánica.

Este módulo profesional contén a formación necesaria para desempeñar a función de cálculo de elementos de máquinas aplicada nos procesos de mantemento industrial.

A función de cálculo de elementos mecánicos abrangue aspectos como:

-Interpretación de propostas e solucións construtivas.

-Realización de cálculos técnicos para o dimensionamento de elementos.

-Cálculo de magnitudes cinemáticas e dinámicas en mecanismos.

-Uso de sistemas informáticos e manuais de deseño.

As actividades profesionais asociadas a esta función aplícanse na montaxe e no mantemento de conxuntos mecatrónicos.

A formación do módulo contribúe a alcanzar os obxectivos xerais do ciclo formativo :

a) Identificar a información salientable, analizando e interpretando documentación técnica, para obter os datos necesarios na montaxe e no mantemento.

b) Dimensionar os equipamentos e os elementos das máquinas e das liñas automatizadas de produción, aplicando procedementos de cálculo e atendendo ás prescricións técnicas, para configurar e calcular a instalación ou o equipamento.

c) Desenvolver os planos e os esquemas, utilizando as ferramentas gráficas de deseño asistido por computador, para configurar as instalacións e as súas modificacións.

m) Elaborar programas de control, utilizando a documentación técnica da instalación e dos equipamentos, para programar os sistemas automáticos.

u) Identificar e propor as accións profesionais necesarias para dar resposta á accesibilidade e o deseño universais.

v) Identificar e aplicar parámetros de calidade nos traballos e nas actividades que se realizan no proceso de aprendizaxe, para valorar a cultura da

avaliación e da calidade, e ser quen de supervisar e mellorar procedementos de xestión de calidade.

A formación do módulo contribúe a alcanzar as competencias do ciclo formativo :

- a) Obter os datos necesarios para programar a montaxe e o mantemento dos sistemas mecatrónicos.
- b) Configurar sistemas mecatrónicos industriais, seleccionando os equipamentos e os elementos que os compoñen.
- ñ) Adaptarse ás novas situacións laborais, mantendo actualizados os coñecementos científicos, técnicos e tecnolóxicos relativos o seu ámbito profesional, xestionando a súa formación e os recursos existentes na aprendizaxe ao longo da vida, e utilizando as tecnoloxías da información e da comunicación.
- o) Resolver situacións, problemas ou continxencias con iniciativa e autonomía no ámbito da súa competencia, con creatividade, innovación e espírito de mellora no traballo persoal e no dos membros do equipo.
- r) Xerar ámbitos seguros no desenvolvemento do seu traballo e o do seu equipo, supervisando e aplicando os procedementos de prevención de riscos laborais e ambientais, de acordo co establecido pola normativa e os obxectivos da empresa.
- s) Supervisar e aplicar procedementos de xestión de calidade e de accesibilidade e deseño universais nas actividades profesionais incluídas nos procesos de produción ou prestación de servizos.

As liñas de actuación no proceso de ensino e aprendizaxe que permiten alcanzar os obxectivos do módulo han versar sobre:

- Identificación e estudo das máquinas e as súas cadeas cinemáticas, para a obtención de datos sobre a funcionalidade dos mecanismos dentro dunha máquina.
- Cálculo de parámetros cinemáticos de cadeas básicas, calculando velocidades de saída a partir dunha velocidade de entrada.
- Comportamento dos materiais empregados en elementos de máquinas, tendo en conta a influencia dos tratamentos térmicos e superficiais, así como da xeometría dos elementos.
- Utilización de fórmulas, normas, táboas e ábacos para o deseño de engraxes, aplicacións de rodamentos, fusiños a bólas, motores, poleas, roscas, chavetas, etc.
- Elección de axustes e tolerancias, utilizando normas, fórmulas, táboas e ábacos.

Despréndese de todo isto a adecuación do currículo ás características do ámbito produtivo e a necesidade de adaptación ás novas esixencias do mercado laboral, cada vez máis internacional, que precisa capacidade de aprendizaxe permanente e contínuo reciclaxe e posta ao día. Á vez que non se deben esquecer as capacidades persoais e sociais que faciliten a integración en equipos de traballo con diversidade cultural, idiomática, etc, e saber interrelacionarse adecuadamente en distintos contextos.

3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)	Resultados de aprendizaxe				
					MP0938_00				
					RA1	RA2	RA3	RA4	RA5
1	Coñecemento de materiais. Propiedades, diagramas.	Propiedades, físicas, químicas, mecánicas e tecnolóxicas, dos materiais.	8	6			X		
2	Produtos metálicos Férricos.	Aceiros e fundicións, aliaxes, clasificación, características e designacións. Formas comerciais dos materiais. Nomenclatura e siglas comerciais.	8	6			X		
3	Produtos metálicos non Férricos.	Aluminio, magnesio, bronzes, latóns, aliaxes: clasificación, características e designacións. Produtos non metálicos (plásticos, elastómeros e materiais cerámicos): clasificación e propiedades.	8	6			X		
4	Protección dos materiais.	Tratamentos térmicos cos que se trata os materiais para o seu uso. Oxidación e corrosión: procedementos de protección. Pinturas e vernices: aplicacións.	12	10			X		
5	Axustes e tolerancias. Estados Superficiais.	Tolerancias dimensionais e xeométricas. Concepto de axuste. Tipos. Estados superficiais.	16	12		X			
6	Elementos de Unión.	Elementos de unión fixa. Soldadura. Elementos de unión desmontable: Para-fusos, tipos de rosca, chavetas, eixes estriados, etc.	16	13				X	
7	Elementos de transmisión do movemento.	Árbores e eixes. Coxinetes e rodamentos. Xuntas de coxinetes e eixes. Obturacións. Resortes elásticos. Poleas e correas (correas trapeciais, correas dentadas, etc.). Embragues e acoplamentos. Freos. Reguladores. Rodas de fricción. Engrenaxes. Trens de engranaxes. Motores eléctricos.	20	16	X				
8	Mecanismos de transformación do movemento.	Mecanismo biela-manivela. Mecanismo tornillo-tuerca. Mecanismo Piñón-Cremalleira. Mecanismo Tornillo sen fin-coroa. Levas. Cardán ou articulación universal.	20	16	X				
9	Máquinas.Tipos.	Describir mecanismos de máquinas e clasificar os mecanismos. Cinemática. Relacións de transmisión, par e potencias. Cadeas cinemáticas. Lubricación e engraxe. Sistemas de lubricación. Rozamentos. Desgastes. Procedementos de cálculo e criterios de selección de elementos e mecanismos.	20	15					X
Total:			128						

4. Por cada unidade didáctica

4.1.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	Coñecemento de materiais. Propiedades, diagramas.	8

4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Obtén os datos dos materiais de elementos de máquinas, relacionando as características destes cos seus requisitos funcionais, técnicos e económicos.	NO

4.1.c) Obxectivos específicos da unidade didáctica

Obxectivos específicos	Act	Título das actividades	Duración (sesións)
1.1 Identificar as propiedades mecánicas e tecnolóxicas dos materiais	1	Estudo das propiedades dos materiais	5,0
1.2 Coñecer os materiais metálicos e non metálicos de maior uso industrial, así como a súa designación normalizada			
2.1 Interpretar as transformacións que figuran no diagrama Ferro-Carbono	2	Estudo do diagrama Ferro-Carbono	3,0
TOTAL			8

4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exigibles	Peso cualificación (%)
CA3.1 Relaciónáronse as propiedades físicas, químicas e mecánicas dos materiais coas necesidades dos elementos.	● PE.1 - Propiedades físicas, químicas e mecánicas dos materiais coas necesidades dos elementos	S	14
CA3.2 Relacionouse a influencia dos procesos de fabricación nas propiedades do material.	● PE.2 - Influencia dos procesos de fabricación nas propiedades do material	S	14
CA3.4 Identificouse a necesidade de protección ou lubricación nos materiais usados.			0
CA3.4.1 Identificouse a necesidade de protección nos materiais usados.	● PE.3 - Necesidade de protección nos materiais usados	S	7
CA3.4.2 Identificouse a necesidade de lubricación nos materiais usados.	● PE.4 - Necesidade de lubricación nos materiais usados	S	7
CA3.5 Identificouse a influencia das propiedades do material no desenvolvemento dos procesos de mantemento industrial.	● PE.5 - Influencia das propiedades do material no desenvolvemento dos procesos de mantemento industrial	S	14
CA3.6 Designáronse os materiais, empregando codificación normalizada.			0
CA3.6.1 Manexáronse as taboas de codificación de materiais normalizados.	● PE.6 - Taboas de codificación de materiais normalizados.	S	14
CA3.7 Relacionáronse materiais metálicos, cerámicos, pliméricos e compostos máis utilizados en elementos de máquinas.	● PE.7 - Materiais metálicos, cerámicos, pliméricos e compostos máis utilizados en elementos de máquinas	S	14
CA3.8 Analizouse o diagrama Fe-C.	● PE.8 - Diagrama Fe-C	S	16
TOTAL			100

4.1.e) Contidos

Contidos
<p>Materiais normalizados.</p> <p>Taboas de codificación de materiais normalizados.</p> <p>Influencia do material no desenvolvemento dos procesos de mantemento industrial. (CA 3.5).</p> <p>Diagrama Fe-C.</p> <p>Propiedades físicas, químicas, mecánicas e tecnolóxicas dos materiais usados nos elementos mecánicos.</p> <p>Influencia entre o material e o proceso de fabricación.</p> <p>Materiais metálicos, cerámicos, poliméricos e compostos máis utilizados en elementos de máquinas.</p> <p>Oxidación e corrosión dos materiais: procedementos de protección.</p> <p>Oxidación dos materiais: procedementos de protección.</p> <p>Corrosión dos materiais: procedementos de protección.</p>

4.1.f) Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
Estudo das propiedades dos materiais	<ul style="list-style-type: none"> Expoñer a unidade 	<ul style="list-style-type: none"> Recopilar información, realizar exercicios e ter boa actitude 	<ul style="list-style-type: none"> Entrega de esquemas Exercicios feitos 	<ul style="list-style-type: none"> Ordenador Proxector Encerado Fotocopias e apuntes 	<ul style="list-style-type: none"> PE.1 - Propiedades físicas, químicas e mecánicas dos materiais coas necesidades dos elementos PE.2 - Influencia dos procesos de fabricación nas propiedades do material PE.3 - Necesidade de protección nos materiais usados PE.4 - Necesidade de lubricación nos materiais usados PE.5 - Influencia das propiedades do material no desenvolvemento dos procesos de mantemento industrial PE.6 - Taboas de codificación de materiais normalizados. PE.7 - Materiais metálicos, cerámicos, pliméricos e compostos máis utilizados en elementos de máquinas 	5,0

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
Estudo do diagrama Ferro-Carbono	<ul style="list-style-type: none"> Expoñer a unidade 	<ul style="list-style-type: none"> Recopilar información, realizar exercicios e ter boa actitude 	<ul style="list-style-type: none"> Entrega de esquemas Exercicios feitos 	<ul style="list-style-type: none"> Proxector Ordenador Encerado Fotocopias e apuntes 	<ul style="list-style-type: none"> PE.8 - Diagrama Fe-C 	3,0
TOTAL						8,0

4.2.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
2	Produtos metálicos Férricos.	8

4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Obtén os datos dos materiais de elementos de máquinas, relacionando as características destes cos seus requisitos funcionais, técnicos e económicos.	NO

4.2.c) Obxectivos específicos da unidade didáctica

Obxectivos específicos	Act	Título das actividades	Duración (sesións)
1.1 Coñecer os materiais metálicos de maior uso industrial e a súa designación normalizada	1	Estudo dos produtos metálicos férricos	8,0
1.2 Coñecer os tratamentos térmicos dos aceiros e os tipos			
1.3 Ver a influencia dos elementos de aleación nas propiedades dos aceiros			
TOTAL			8

4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exixibles	Peso cualificación (%)
CA3.2 Relacionouse a influencia dos procesos de fabricación nas propiedades do material.	<ul style="list-style-type: none"> PE.1 - Influencia dos procesos de fabricación nas propiedades do material 	S	100
TOTAL			100

4.2.e) Contidos

Contidos
Materiais normalizados. Taboas de codificación de materiais normalizados. Formas comerciais. Clasificación dos materiais. Influencia entre o material e o proceso de fabricación.

4.2.f) Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
Estudo dos produtos metálicos férricos	<ul style="list-style-type: none"> Expoñer a unidade 	<ul style="list-style-type: none"> Recopilar información, realizar exercicios e ter boa actitude 	<ul style="list-style-type: none"> Entrega de esquemas Exercicios feitos 	<ul style="list-style-type: none"> Ordenador Proxector Encerado Fotocopias e apuntes 	<ul style="list-style-type: none"> PE.1 - Influencia dos procesos de fabricación nas propiedades do material 	8,0
TOTAL						8,0

4.3.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
3	Produtos metálicos non Férricos.	8

4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Obtén os datos dos materiais de elementos de máquinas, relacionando as características destes cos seus requisitos funcionais, técnicos e económicos.	NO

4.3.c) Obxectivos específicos da unidade didáctica

Obxectivos específicos	Act	Título das actividades	Duración (sesións)
1.1 Distinguir criterios e clasificación dos produtos non férricos 1.2 Identificar propiedades mecánicas e tecnolóxicas dos elementos non férricos 1.3 Coñecer tipos e propiedades de plásticos e materiais cerámicos	1	Estudo dos produtos metálicos non férricos	8,0
TOTAL			8

4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exixibles	Peso cualificación (%)
CA3.2 Relacionouse a influencia dos procesos de fabricación nas propiedades do material.	<ul style="list-style-type: none"> PE.1 - Influencia dos procesos de fabricación nas propiedades do material 	S	100
TOTAL			100

4.3.e) Contidos

Contidos
Materiais normalizados. Taboas de codificación de materiais normalizados. Formas comerciais. Clasificación dos materiais. Influencia entre o material e o proceso de fabricación. Materiais metálicos, cerámicos, poliméricos e compostos máis utilizados en elementos de máquinas.

4.3.f) Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
Estudo dos produtos metálicos non férricos	<ul style="list-style-type: none"> Expoñer a unidade 	<ul style="list-style-type: none"> Recopilar información, realizar exercicios e ter boa actitude 	<ul style="list-style-type: none"> Entrega de esquemas Exercicios feitos 	<ul style="list-style-type: none"> Proxector Encerado Fotocopias e apuntes Ordenador 	<ul style="list-style-type: none"> PE.1 - Influencia dos procesos de fabricación nas propiedades do material 	8,0
TOTAL						8,0

4.4.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
4	Protección dos materiais.	12

4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Obtén os datos dos materiais de elementos de máquinas, relacionando as características destes cos seus requisitos funcionais, técnicos e económicos.	NO

4.4.c) Obxectivos específicos da unidade didáctica

Obxectivos específicos	Act	Título das actividades	Duración (sesións)
1.1 Establecer e recoñecer as proteccións para os materiais	1	Estudo da protección dos materiais	12,0
1.2 Recoñecer os métodos de protección			
1.3 Coñecer os mecanismos de corrosión e oxidación dos materiais			
1.4 Suxeitar correctamente pezas nas máquinas-ferramentas			
TOTAL			12

4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exixibles	Peso cualificación (%)
CA3.3 Relacionáronse os tratamentos térmicos e termoquímicos empregados respecto dos seus efectos sobre os materiais.	● PE.1 - Tratamentos térmicos e termoquímicos empregados e os seus efectos sobre os materiais	S	25
CA3.4 Identificouse a necesidade de protección ou lubricación nos materiais usados.			0
CA3.4.1 Identificouse a necesidade de protección nos materiais usados.	● PE.2 - Necesidade de protección nos materiais usados	S	12
CA3.4.2 Identificouse a necesidade de lubricación nos materiais usados.	● PE.3 - Necesidade de lubricación nos materiais usados	S	13
CA3.5 Identificouse a influencia das propiedades do material no desenvolvemento dos procesos de mantemento industrial.	● PE.4 - Influencia das propiedades do material no desenvolvemento dos procesos de mantemento industrial	S	25
CA3.6 Designáronse os materiais, empregando codificación normalizada.			0
CA3.6.1 Manexáronse as taboas de codificación de materiais normalizados.	● PE.5 - Taboas de codificación de materiais normalizados	S	25
TOTAL			100

4.4.e) Contidos

Contidos
0 Aceites e graxas.
Selección dos materiais e dos tratamentos que diminúen o desgaste.

Contidos
Emprego de catálogos comerciais.
Tratamentos térmicos e termoquímicos.
Oxidación e corrosión dos materiais: procedementos de protección.
Oxidación dos materiais: procedementos de protección.
Corrosión dos materiais: procedementos de protección.
Pinturas e vernices.

4.4.f) Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
Estudo da protección dos materiais	<ul style="list-style-type: none"> Expoñer a unidade 	<ul style="list-style-type: none"> Recopilar información, realizar exercicios e ter boa actitude 	<ul style="list-style-type: none"> Entrega de esquemas Exercicios feitos 	<ul style="list-style-type: none"> Ordenador Proxector Encerado Fotocopias e apuntes 	<ul style="list-style-type: none"> PE.1 - Tratamentos térmicos e termoquímicos empregados e os seus efectos sobre os materiais PE.2 - Necesidade de protección nos materiais usados PE.3 - Necesidade de lubricación nos materiais usados PE.4 - Influencia das propiedades do material no desenvolvemento dos procesos de mantemento industrial PE.5 - Taboas de codificación de materiais normalizados 	12,0
TOTAL						12,0

4.5.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
5	Axustes e tolerancias. Estados Superficiais.	16

4.5.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Relaciona solucións construtivas de mecanismos coas súas funcións, interpretando o sistema no seu conxunto.	SI

4.5.c) Obxectivos específicos da unidade didáctica

Obxectivos específicos	Act	Título das actividades	Duración (sesións)
1.1 Medir as dimensións dunha peza no proceso de substitución por outra 1.2 Deseñar elementos simples de maquinas, calculando previamente as tolerancias dimensionais do elemento 1.3 Recoñecer os distintos estados superficiais	1	Dimensión de pezas, tendo en conta axustes, tolerancias e recoñecemento dos estados superficiais	16,0
TOTAL			16

4.5.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exixibles	Peso cualificación (%)
CA2.1 Determináronse as solicitudes requiridas aos elementos do mecanismo, en función das súas especificacións.	● PE.1 - Solicitacións requiridas aos elementos do mecanismo, en función das súas especificacións	S	13
CA2.2 Calculáronse os límites de operación do mecanismo, en función das características físicas, técnicas e xeométricas dos seus elementos.	● PE.2 - Límites de operación do mecanismo, en función das características físicas, técnicas e xeométricas dos seus elementos	S	12
CA2.3 Determinouse a relación entre as variables de entrada e saída do mecanismo.	● PE.3 - Relación entre as variables de entrada e saída do mecanismo	S	13
CA2.4 Xustificouse a selección destes compoñentes en detrimento doutras alternativas semellantes.	● PE.4 - Selección destes compoñentes en detrimento doutras alternativas semellantes	S	12
CA2.5 Identifícanse as tolerancias xeométricas e superficiais dos seus elementos, en función das prestacións e as precisións requiridas.	● PE.5 - Tolerancias xeométricas e superficiais dos seus elementos, en función das prestacións e as precisións requiridas	S	13
CA2.6 Determinouse o tipo de axuste de acordo coa función do mecanismo.	● PE.6 - Tipo de axuste de acordo coa función do mecanismo	S	12
CA2.7 Usáronse sistemas informáticos para o dimensionamento de elementos.	● PE.7 - Sistemas informáticos para o dimensionamento de elementos	S	13
CA2.8 Identifícanse os grupos funcionais dunha máquina e os seus elementos.	● PE.8 - Grupos funcionais dunha máquina e os seus elementos	S	12
TOTAL			100

4.5.e) Contidos

Contidos
Análise das especificacións técnicas dos mecanismos: solicitudes requiridas aos elementos. OSistemas informáticos para o dimensionamento de elementos.

Contidos
Análise dos grupos funcionais dunha máquina e os seus elementos Cálculo das variables do mecanismo en función das características dos seus elementos. Solucións construtivas de elementos de máquinas. Características dos elementos e límites de operación. Identificación de tolerancias dimensionais. Identificación de tolerancias xeométricas. Sistemas de axustes. Calidades superficiais. Especificacións técnicas.

4.5.f) Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
Dimensión de pezas, tendo en conta axustes, tolerancias e recoñecemento dos estados superficiais	<ul style="list-style-type: none"> Expoñer a unidade 	<ul style="list-style-type: none"> Recopilar información, realizar exercicios e ter boa actitude 	<ul style="list-style-type: none"> Exercicios feitos Entrega de esquemas 	<ul style="list-style-type: none"> Ordenador Proxector Encerado Fotocopias e apuntes 	<ul style="list-style-type: none"> PE.1 - Solicitacións requiridas aos elementos do mecanismo, en función das súas especificacións PE.2 - Límites de operación do mecanismo, en función das características físicas, técnicas e xeométricas dos seus elementos PE.3 - Relación entre as variables de entrada e saída do mecanismo PE.4 - Selección destes compoñentes en detrimento doutras alternativas semellantes PE.5 - Tolerancias xeométricas e superficiais dos seus elementos, en función das prestacións e as precisións requiridas PE.6 - Tipo de axuste de acordo coa función do mecanismo PE.7 - Sistemas informáticos para o dimensionamento de elementos PE.8 - Grupos funcionais dunha máquina e os seus elementos 	16,0
TOTAL						16,0

4.6.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
6	Elementos de Unión.	16

4.6.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA4 - Selecciona compoñentes comerciais de elementos mecánicos, valorando as súas condicións operativas.	SI

4.6.c) Obxectivos específicos da unidade didáctica

Obxectivos específicos	Act	Título das actividades	Duración (sesións)
1.1 Coñecer os diferentes tipos de unión fixa empregados nas máquinas	1	Estudo de elementos de unión	16,0
1.2 Coñecer os diferentes tipos de unión desmontable empregados nas máquinas			
TOTAL			16

4.6.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exixibles	Peso cualificación (%)
CA4.1 Seleccionáronse as fórmulas e as unidades que se vaian utilizar no cálculo dos elementos, en función das características destes.	<ul style="list-style-type: none"> PE.1 - Fórmulas e as unidades que se vaian utilizar no cálculo dos elementos, en función das características destes 	S	20
CA4.2 Obtívose o valor dos esforzos que actúan sobre os elementos de transmisión, en función das solicitacións que se vaian transmitir (velocidade máxima, potencia, esforzo máximo, etc.).	<ul style="list-style-type: none"> PE.2 - Esforzos que actúan sobre os elementos de transmisión, en función das solicitacións que se vaian transmitir (velocidade máxima, potencia, esforzo máximo, etc.) 	S	20
CA4.3 Dimensionáronse os diversos elementos e órganos, aplicando cálculos, normas, ábacos, táboas, etc., imputando os coeficientes de seguridade necesarios.	<ul style="list-style-type: none"> PE.3 - Diversos elementos e órganos, aplicando cálculos, normas, ábacos, táboas, etc., imputando os coeficientes de seguridade necesarios. 	S	20
Máquinas e xeometrías. Ferramentas e utensilios. CNC - Nesta actividade coñeceremos as formas xeométricas que se poden obter en cada máquina e os útiles e ferramentas que se empregan para obtelas. Tamén coñeceremos a estrutura básica dun programa de control numérico en código ISO.	<ul style="list-style-type: none"> Realizar as diferentes operacións que se poden desenvolver na tradeadora (tradeado, escariado, roscado, etc.). Mostrar as principais ferramentas que se empregan. Realizar as diferentes operacións que se poden desenvolver no torno (cilindrado, refrontado, tradeado, escariado, roscado, etc.). Mostrar as diferentes ferramentas que se empregan. Realizar as diferentes operacións que se poden desenvolver na fresadora (Planeado, tradeado, escariado, tallado de engranxes, etc.). Mostrar as diferentes ferramentas que se empregan. Rectificar pezas en rectificadora plana e cilíndrica. Mostrar as diferentes ferramentas que se empregan. Explicar a estrutura dun programa de CNC e mediante o software adecuado axudar ao alumnado a crear programas sinxelos. Avaliar mediante o cuestionario tipo test. 	<ul style="list-style-type: none"> Observar, tomar notas e prantexar dúbidas. Observar, tomar notas e prantexar dúbidas. Observar, tomar notas e prantexar dúbidas. Observar, tomar notas e prantexar dúbidas. Crear os programas propostos, aportando diferentes solucións para un mesmo problema. Respostar o cuestionario. 	<ul style="list-style-type: none"> Exame tipo test. Programas de CNC. 	<ul style="list-style-type: none"> Ordenadores. Canón Tradedoras, Tomos, Fresadoras, Rectificadoras. Diversas ferramentas (coitelas, escariadores, machos de roscar, terraxas, fresas, etc.) Sofware para CNC. 	<ul style="list-style-type: none"> PE.2 - As máquinas destinadas a fabricación por arranque de labra PE.4 - As ferramentas e os utensilios empregados na fabricación por arranque de labra 	11,0
TOTAL						20,0

4.7.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
7	Materiais empregados na fabricación mecánica	10

4.7.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Selecciona o material que se vaia mecanizar, relacionando as súas características técnico-comerciais coas especificacións do produto que se vaia obter.	SI

4.7.c) Obxectivos específicos da unidade didáctica

Obxectivos específicos	Act	Título das actividades	Duración (sesións)
1.1 Relacionar cada material coas súas aplicacións tecnolóxicas. 1.2 Obter a referencia comercial do material seleccionado.	1	Materiais e as súas aplicacións.	5,0
2.1 Determinar as dimensións do material en bruto, tendo en conta as características dos procesos de mecanizado. 2.2 Relacionar as características de maquinabilidade cos valores que as determinan. 2.3 Valorar as condicións máis favorables de mecanizado dos materiais. 2.4 Determinar os riscos inherentes á manipulación de materiais e evacuación de residuos. 2.5 Amosar unha actitude ordenada e metódica na realización das actividades.	2	Dimensións, características de maquinabilidade e condicións de mecanizado dos materiais.	5,0
TOTAL			10

4.7.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exixibles	Peso cualificación (%)
CA3.1 Determináronse as dimensións do material en bruto, tendo en conta as características dos procesos de mecanizado.	● PE.1 - As dimensións do material en bruto, tendo en conta as características dos procesos de mecanizado.	S	14
CA3.2 Relaciónáronse as características de maquinabilidade cos valores que as determinan.	● PE.2 - As características de maquinabilidade cos valores que as determinan.	S	14
CA3.3 Valoráronse as condicións máis favorables de mecanizado dos materiais.	● PE.3 - As condicións máis favorables de mecanizado dos materiais.	S	14
CA3.4 Obtívose a referencia comercial do material seleccionado.	● PE.4 - A referencia comercial do material seleccionado.	S	14
CA3.5 Relacionouse cada material coas súas aplicacións tecnolóxicas.	● PE.5 - Os material e súas aplicacións tecnolóxicas.	S	14
CA3.6 Determináronse os riscos inherentes á manipulación de materiais e evacuación de residuos.	● PE.6 - Os riscos inherentes á manipulación de materiais e evacuación de residuos.	S	14
CA3.7 Amosouse unha actitude ordenada e metódica na realización das actividades.	● PE.7 - A actitude ordenada e metódica na realización das actividades.	S	16
TOTAL			100

4.7.e) Contidos

Contidos
Identificación de materiais en bruto para mecanizar.
Materiais: metálicos, poliméricos e cerámicos.
Tratamentos térmicos e termoquímicos: fundamento. Proceso de execución.
Propiedades mecánicas dos materiais.
Formas comerciais dos materiais.
Características dos materiais.
Materiais e as súas condicións de mecanizado.
Riscos no mecanizado e na manipulación de certos materiais (explosión, toxicidade, contaminación ambiental, etc.).
Influencia ambiental do tipo de material seleccionado.

4.7.f) Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
Materiais e as súas aplicacións. - Coñecer os materiais empregados na fabricación mecánica e as súas aplicacións.	<ul style="list-style-type: none"> Explicación das características mais importantes dos diferentes materiais empregados na fabricación mecánica e as súas aplicacións. Corrixir cuestionario. 	<ul style="list-style-type: none"> Tomar notas e prantexar cuestións. Resolver cuestionario. 	<ul style="list-style-type: none"> Cuestionario resolto. 	<ul style="list-style-type: none"> Canón. Encerado. Arquivos en pdf. Ordenador. 	<ul style="list-style-type: none"> PE.4 - A referencia comercial do material seleccionado. PE.5 - Os material e súas aplicacións tecnolóxicas. 	5,0
Dimensións, características de maquinabilidade e condicións de mecanizado dos materiais. - Coñecer as dimensións, características de maquinabilidade e condicións de mecanizado dos materiais.	<ul style="list-style-type: none"> Explicación das formas comerciais dos diferentes materiais empregados na fabricación mecánica e as condicións de maquinabilidade. Corrixir cuestionario. 	<ul style="list-style-type: none"> Tomar notas e prantexar cuestións. Resolver cuestionario. 	<ul style="list-style-type: none"> Cuestionario resolto. 	<ul style="list-style-type: none"> Canón. Encerado. Arquivos en pdf. Ordenador. 	<ul style="list-style-type: none"> PE.1 - As dimensións do material en bruto, tendo en conta as características dos procesos de mecanizado. PE.2 - As características de maquinabilidade cos valores que as determinan. PE.3 - As condicións máis favorables de mecanizado dos materiais. PE.6 - Os riscos inherentes á manipulación de materiais e evacuación de residuos. PE.7 - A actitude ordenada e metódica na realización das actividades. 	5,0
TOTAL						10,0

4.8.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
8	Follas de procesos de fabricación	22

4.8.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Determina procesos de fabricación, analizando e xustificando a secuencia e as variables do proceso.	SI

4.8.c) Obxectivos específicos da unidade didáctica

Obxectivos específicos	Act	Título das actividades	Duración (sesións)
1.1 Obter datos dos materiais e produtos mecánicos dispoñibles no mercado, as súas propiedades e as súas aplicacións, segundo as especificacións solicitadas. 1.2 Identificar os procedementos de fabricación que interveñen na fabricación mecánica. 1.3 Relacionar as características dimensionais, de forma e de cantidade de unidades que se vaian fabricar, cos procedementos de fabricación, as máquinas, as ferramentas e os utensilios para os realizar. 1.4 Descompoñer o proceso de fabricación nas fases e nas operacións necesarias, con determinación das dimensións en bruto do material en cada unha. 1.5 Especificar para cada fase e operación de fabricación, os medios de traballo, os utensilios, as ferramentas e os utensilios de medida e comprobación. 1.6 Especificar os parámetros de traballo (velocidade, avance, temperatura, forza, etc.) que cumpra utilizar en cada operación. 1.7 Identificar o estado (laminación, forxa, recocedura, fundido, etc.) do material que cumpra fabricar. 1.8 Calcular os tempos de cada operación e o tempo unitario, como factor para a estimación dos custos de produción. 1.9 Propoñer modificacións no deseño do produto que, sen mingua da súa funcionalidade, melloren a súa fabricación, a súa calidade e o seu custo. 1.10 Elaborar e xestionar a documentación técnica referente ao proceso de fabricación. 1.11 Identificar os riscos e as normas de protección ambiental aplicables ao proceso.	1	Partes, estrutura e datos dunha folla de procesos.	22,0
TOTAL			22

4.8.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exixibles	Peso cualificación (%)
CA2.1 Obtivéronse datos dos materiais e produtos mecánicos dispoñibles no mercado, as súas propiedades e as súas aplicacións, segundo as especificacións solicitadas.	<ul style="list-style-type: none"> TO.1 - Os datos dos materiais e produtos mecánicos dispoñibles no mercado, as súas propiedades e as súas aplicacións, segundo as especificacións solicitadas. 	S	13
CA2.2 Identificáronse os procedementos de fabricación que interveñen na fabricación mecánica.	<ul style="list-style-type: none"> TO.2 - Os procedementos de fabricación que interveñen na fabricación mecánica. 	S	12
CA2.3 Relaciónáronse as características dimensionais, de forma e de cantidade de unidades que se vaian fabricar, cos procedementos de fabricación, as máquinas, as ferramentas e os utensilios para os realizar.	<ul style="list-style-type: none"> TO.3 - As características dimensionais, de forma e de cantidade de unidades que se vaian fabricar, cos procedementos de fabricación, as máquinas, as ferramentas e os utensilios para os realizar. 	S	12

Cráterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exixibles	Peso cualificación (%)
CA2.4 Descompúxose o proceso de fabricación nas fases e nas operacións necesarias, con determinación das dimensións en bruto do material en cada unha.	<ul style="list-style-type: none"> TO.4 - A descomposición do proceso de fabricación nas fases e nas operacións necesarias, con determinación das dimensións en bruto do material en cada unha. 	S	12
CA2.5 Especificáronse para cada fase e operación de fabricación, os medios de traballo, os utensilios, as ferramentas e os utensilios de medida e comprobación.	<ul style="list-style-type: none"> TO.5 - A especificación para cada fase e operación de fabricación, os medios de traballo, os utensilios, as ferramentas e os utensilios de medida e comprobación. 	S	12
CA2.6 Especificáronse os parámetros de traballo (velocidade, avance, temperatura, forza, etc.) que cumpra utilizar en cada operación.	<ul style="list-style-type: none"> TO.6 - Os parámetros de traballo (velocidade, avance, temperatura, forza, etc.) que cumpra utilizar en cada operación. 	S	12
CA2.7 Identificouse o estado (laminación, forxa, recocedura, fundido, etc.) do material que cumpra fabricar.	<ul style="list-style-type: none"> TO.7 - O estado (laminación, forxa, recocedura, fundido, etc.) do material que cumpra fabricar. 	S	12
CA2.8 Calculáronse os tempos de cada operación e o tempo unitario, como factor para a estimación dos custos de produción.	<ul style="list-style-type: none"> TO.8 - Os tempos de cada operación e o tempo unitario, como factor para a estimación dos custos de produción. 	N	1
CA2.9 Propuxéronse modificacións no deseño do produto que, sen mingua da súa funcionalidade, melloren a súa fabricación, a súa calidade e o seu custo.	<ul style="list-style-type: none"> TO.9 - A proposta de modificacións no deseño do produto que, sen mingua da súa funcionalidade, melloren a súa fabricación, a súa calidade e o seu custo. 	N	1
CA2.10 Elaborouse e xestionouse a documentación técnica referente ao proceso de fabricación.	<ul style="list-style-type: none"> TO.10 - A elaboración e xestión da documentación técnica referente ao proceso de fabricación. 	S	12
CA2.11 Identificáronse os riscos e as normas de protección ambiental aplicables ao proceso.	<ul style="list-style-type: none"> TO.11 - Os riscos e as normas de protección ambiental aplicables ao proceso. 	N	1
TOTAL			100

4.8.e) Contidos

Contidos
<p>Tipos de procesos de mecanizado: por arranque de labra (torneadura, fresadura, tradeadura, cepillado, limadura e mandrinadura) e por abrasión (rectificación).</p> <p>Tipos de procesos de conformación: punzonamento, pregadura, cisallaxe, procesamento de chapa, curvaxe, forxa, extrusión, laminación e trefiladura).</p> <p>Formación de labra.</p> <p>Máquinas, ferramentas e utensilios utilizados nos procesos de fabricación. Clasificación das máquinas ferramenta e dos equipamentos para a fabricación. Ferramentas para mecanizar. Ferramentas de corte. Ferramentas para a conformación. Tipos, características</p> <p>Procedementos de medición e verificación nos procesos de fabricación.</p> <p>Planificación metódica dos procesos de fabricación. Selección do proceso e dos equipamentos (máquinas, ferramentas e utensilios). Determinación de fases e operacións con previsión das dificultades e o modo de superalas. Elaboración de follas de proceso.</p> <p>Modificacións do deseño optimizando a fabricación, a calidade e o custo.</p> <p>Identificación de riscos laborais.</p> <p>Cumprimento da normativa de protección ambiental.</p>

4.8.f) Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos			
Actividade (título e descrición)				Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	



Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
Partes, estrutura e datos dunha folia de procesos. - Como se deseña unha folia de procesos.	<ul style="list-style-type: none"> • Explicación da estrutura e das partes dunha folia de procesos. • Apoio e asesoramento na elaboración da folia de procesos. 	<ul style="list-style-type: none"> • Cálculo de datos para unha folia de procesos. • Elaboración dunha folia de procesos. 	<ul style="list-style-type: none"> • Folia de procesos. 	<ul style="list-style-type: none"> • Ordenador. • Canón. • Encerado. • Arquivo en pdf. • Ordenador por alumno. 	<ul style="list-style-type: none"> • TO.1 - Os datos dos materiais e produtos mecánicos dispoñibles no mercado, as súas propiedades e as súas aplicacións, segundo as especificacións solicitadas. • TO.2 - Os procedementos de fabricación que interveñen na fabricación mecánica. • TO.3 - As características dimensionais, de forma e de cantidade de unidades que se vaian fabricar, cos procedementos de fabricación, as máquinas, as ferramentas e os utensilios para os realizar. • TO.4 - A descomposición do proceso de fabricación nas fases e nas operacións necesarias, con determinación das dimensións en bruto do material en cada unha. • TO.5 - A especificación para cada fase e operación de fabricación, os medios de traballo, os utensilios, as ferramentas e os utensilios de medida e comprobación. • TO.6 - Os parámetros de traballo (velocidade, avance, temperatura, forza, etc.) que cumpra utilizar en cada operación. • TO.7 - O estado (laminación, forxa, recocadura, fundido, etc.) do material que cumpra fabricar. • TO.8 - Os tempos de cada operación e o tempo unitario, como factor para a estimación dos custos de produción. • TO.9 - A proposta de modificacións no deseño do produto que, sen minqua da súa funcionalidade, melloren a súa fabricación, a súa calidade e o seu custo. • TO.10 - A elaboración e xestión da documentación técnica 	22,0



Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
					referente ao proceso de fabricación. • TO.11 - Os riscos e as normas de protección ambiental aplicables ao proceso.	
TOTAL						22,0

5. Mínimos exigibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

5.1. Mínimos exigibles

- Identificar os instrumentos de medida, indicando a magnitude que controlan, o seu campo de aplicación e a precisión.
- Seleccionar o instrumento de medición ou verificación, en función da comprobación que se pretenda realizar.
- Montar as pezas que cumpra verificar, segundo o procedemento establecido.
- Identificar os tipos de erros que inflúen nunha medida.
- Aplicar técnicas e procedementos de medición de parámetros dimensionais, xeométricos e superficiais.
- Rexistrar as medidas obtidas nas fichas de toma de datos ou no gráfico de control.
- Identificar os valores de referencia e as súas tolerancias.
- Identificar os procedementos para obter pezas por mecanizado.
- Elixir os equipamentos e as ferramentas de acordo coas características do material e as esixencias requiridas.
- Aplicar a técnica operativa necesaria para executar o proceso e obtívose a peza definida coa calidade requirida.
- Analizar as diferenzas entre o proceso definido e o realizado.
- Identificar as deficiencias debidas ás ferramentas, ás condicións de corte e ao material.
- Manter unha actitude de atención, interese, meticulosidade, orde e responsabilidade durante a realización das tarefas.
- Demostrar autonomía na resolución de pequenas continxencias.
- Identificar os riscos e o nivel de perigo que supón a manipulación de materiais, ferramentas, utensilios, máquinas e medios de transporte, na fabricación manual.
- Identificar as causas máis frecuentes de accidentes na manipulación de materiais, ferramentas, máquinas e equipamentos, na fabricación manual.
- Describir os elementos de seguridade das máquinas e os equipamentos de protección individual que se deben empregar nas operacións de fabricación manual.
- Relacionar a manipulación de materiais, ferramentas, máquinas e equipamentos coas medidas de seguridade e protección persoal requiridas para a fabricación manual.
- Identificar os procedementos característicos de soldaxe, recarga e proxección.
- Introducir os parámetros de soldaxe, recargue ou proxección nos equipamentos.
- Aplicar a técnica operatoria, así como a secuencia de soldaxe necesaria para executar o proceso, tendo en conta temperatura entre pasadas, velocidade de arrefriamento e tratamentos postsoldaxe.
- Comprobar que as soldaduras, as recargas, as proxeccións e a peza obtida se axusten ao especificado na documentación técnica.
- Identificar os defectos da soldadura.
- Arranxar os defectos de soldadura, aplicando as técnicas correspondentes.
- Identificar as deficiencias debidas á preparación, ao equipamento, ás condicións, aos parámetros de soldaxe e proxección ou ao material de achega como base.
- Arranxar as desviacións do proceso, actuando sobre os equipamentos, os parámetros e a técnica operatoria.
- Manter unha actitude ordenada e metódica.
- Identificar os riscos e o nivel de perigo que supón a manipulación de materiais, ferramentas, utensilios, máquinas e medios de transporte, na fabricación por soldaxe.
- Identificar as causas máis frecuentes de accidentes na manipulación de materiais, ferramentas, máquinas e equipamentos, na fabricación por soldaxe.

- Describir os elementos de seguridade das máquinas e os equipamentos de protección individual que se deben empregar nas operacións de soldaxe.
- Relacionar a manipulación de materiais, ferramentas, máquinas e equipamentos coas medidas de seguridade e protección persoal requiridas para a fabricación por soldaxe.
- Seleccionar máquinas e equipamentos adecuados ao proceso de mecanizado.
- Determinar fases e operacións necesarias para a fabricación do produto.
- Elixir ferramentas e parámetros de corte apropiados ao mecanizado que se vaia realizar.
- Efectuar operacións de mecanizado, segundo o procedemento establecido no proceso.
- Obter a peza coa calidade requirida.
- Analizar as diferenzas entre o proceso definido e o realizado.
- Discriminar se as deficiencias se deben ás ferramentas, ás condicións e aos parámetros de corte, ás máquinas ou ao material.
- Arranxar as desviacións do proceso, actuando sobre a máquina ou ferramenta.
- Identificar os riscos e o nivel de perigo que supón a manipulación de materiais, ferramentas, utensilios, máquinas e medios de transporte, na fabricación por arranque de labra.
- Identificar as causas máis frecuentes de accidentes na manipulación de materiais, ferramentas, máquinas e equipamentos, na fabricación por arranque de labra.
- Describir os elementos de seguridade das máquinas e os equipamentos de protección individual que se deben empregar nas operacións de fabricación por arranque de labra.
- Relacionar a manipulación de materiais, ferramentas, máquinas e equipamentos coas medidas de seguridade e protección persoal requiridas para a fabricación por arranque de labra.
- Determinar os elementos de seguridade e de protección persoal que cumpra adoptar na preparación e na execución das operacións do proceso de fabricación.
- Aplicar a normativa de seguridade, utilizando os sistemas de seguridade e de protección persoal.
- Xustificar a importancia das medidas de protección, no referente á súa propia persoa, á colectividade e ao ambiente.
- Valorar a orde e a limpeza das instalacións e dos equipamentos como primeiro factor de prevención de riscos.
- Identificar as principais máquinas ferramenta (tornos, centros de mecanizado, rectificadoras, trades, etc.) que interveñen na fabricación por arranque de labra.
- Relacionar as máquinas destinadas a fabricación por arranque de labra, coas formas xeométricas e os acabamentos do produto que se vaia obter.
- Relacionar entre si os elementos ou bloques funcionais que compoñen as máquinas e os equipamentos empregados na fabricación por arranque de labra.
- Analizar as ferramentas e os utensilios empregados na fabricación por arranque de labra, en función das características da operación de fabricación.
- Identificar as máquinas e os equipamentos (prensas, pregadoras, cisallas, etc.) que interveñen na fabricación por conformación.
- Relacionar as máquinas destinadas a fabricación por conformación e por procedementos especiais, coas formas xeométricas e os acabamentos do produto que se vaia obter.
- Relacionar entre si os elementos ou bloques funcionais que compoñen as máquinas e os equipamentos empregados na fabricación por conformación e por procedementos especiais.
- Analizar as ferramentas e os utensilios empregados na fabricación por conformación e por procedementos especiais, en función das características da operación de fabricación.
- Determinar as dimensións do material en bruto, tendo en conta as características dos procesos de mecanizado.
- Relacionar as características de maquinabilidade cos valores que as determinan.
- Valorar as condicións máis favorables de mecanizado dos materiais.
- Obter a referencia comercial do material seleccionado.
- Relacionar cada material coas súas aplicacións tecnolóxicas.
- Determinar os riscos inherentes á manipulación de materiais e evacuación de residuos.

- Amosar unha actitude ordenada e metódica na realización das actividades.
- Obter datos dos materiais e produtos mecánicos dispoñibles no mercado, as súas propiedades e as súas aplicacións, segundo as especificacións solicitadas.
- Identificar os procedementos de fabricación que interveñen na fabricación mecánica.
- Relacionar as características dimensionais, de forma e de cantidade de unidades que se vaian fabricar, cos procedementos de fabricación, as máquinas, as ferramentas e os utensilios para os realizar.
- Descompoñer o proceso de fabricación nas fases e nas operacións necesarias, con determinación das dimensións en bruto do material en cada unha.
- Especificar para cada fase e operación de fabricación, os medios de traballo, os utensilios, as ferramentas e os utensilios de medida e comprobación.
- Especificar os parámetros de traballo (velocidade, avance, temperatura, forza, etc.) que cumpra utilizar en cada operación.
- Identificar o estado (laminación, forxa, recocedura, fundido, etc.) do material que cumpra fabricar.
- Elaborar e xestionar a documentación técnica referente ao proceso de fabricación.

5.2. Criterios de cualificación

5.2.1. Criterios de cualificación para a primeira avaliación:

A nota será un número enteiro de 1 a 10 e considerarase aprobado cando se acade o 5; para obtela realizaranse as seguintes probas:

- Exame teórico tipo test con vinte preguntas (catro respostas), tendo en conta que por cada resposta fallada restarase a metade de unha boa (20% da nota).
- Exame con problemas de medición trigonométrica de ángulos (20% da nota).
- Programación e manexo de CNC. (20% da nota)
- Pezas sinxelas de mecanizado e de soldadura, nas que se valorará a precisión (tolerancia), grado de acabado e o tempo de fabricación. (20% da nota).
- Orde, limpeza e seguridade no posto de traballo. (20% da nota).

Para aprobar a avaliación, será necesario acadar cando menos un 4 en cada un dos apartados anteriores, do contrario deberase recuperar as partes pendentes e a nota non poderá superar o 4 inda que a ponderación sexa superior. As recuperacións dos exames faranse ao principio da segunda avaliación, mentres que as pezas e o apartado de CNC repetiranse ao longo da segunda avaliación ; o apartado de orde e limpeza, considerarase recuperado cando se acade nel o 5 durante a segunda avaliación. Cando se teña que recuperar algunha das probas, a nota para o cálculo da media (terceira avaliación e final), non será superior a 5 inda que a ponderación sexa maior.

5.2.2. Criterios de cualificación para a segunda avaliación:

A nota será un número enteiro de 1 a 10 e considerarase aprobado cando se acade o 5; para obtela realizaranse as seguintes probas:

- Exame con problemas de conicidade, aparato divisor, cálculo de revolucións e avances e cálculo de engranaxes para o roscado no torno (15% da nota).
- Exame sobre catálogo de ferramentas (designación de insertos e soportes) (15% da nota).
- Pezas de mecanizado e de soldadura, nas que se valorará a precisión (tolerancia), grado de acabado, e o tempo de fabricación. (50% da nota).
- Orde, limpeza e seguridade no posto de traballo. (20% da nota).

-Opcional programación de CNC (0,5 puntos por peza correcta, que se sumarán cando se acade un cinco na ponderación dos apartados anteriores).

Para aprobar a avaliación, será necesario acadar cando menos un 4 en cada unha das probas, do contrario deberase recuperar as partes pendentes e a nota non poderá superar o 4, inda que a ponderación sexa superior. A recuperación dos problemas e do exame de ferramentas farase ao principio da terceira avaliación, mentres que as pezas repetiranse ao longo da terceira avaliación; o apartado de orde e limpeza, considerarase recuperado cando se acade nel o 5 durante a terceira avaliación. Cando se teña que recuperar algunha das probas, a nota para o cálculo da media (terceira avaliación e final), non será superior a 5 inda que a ponderación sexa maior.

5.2.3. Criterios de cualificación para a terceira avaliación:

A nota será un número enteiro de 1 a 10 e considerarase aprobado cando se acade o 5; para obtela realizaranse as seguintes probas:

- Folla de procesos de fabricación (30% da nota).
- Pezas de mecanizado e de soldadura, nas que se valorará a precisión (tolerancia), grado de acabado, tempo de fabricación, orden, limpeza, etc. (50% da nota).
- Orde, limpeza e seguridade no posto de traballo. (20% da nota).
- Opcional programación de CNC (0,5 puntos por peza correcta, que se sumarán cando se acade un cinco na ponderación dos apartados anteriores).

O/a alumno/a que acade cando menos un 4 en cada unha das probas, obterá unha nota ponderada según os porcentaxes reflectidos; unha vez feito isto, pódense dar tres casos:

- O/a alumno/a non acada o 5, levará como máximo un 4.
- O/a alumno/a acada cando menos o 5 pero ten partes pendentes das primeiras avaliacións, levará como máximo un 4.
- O/a alumno/a acada cando menos o 5 e ten as primeiras avaliacións aprobadas, farase media das tres e esa será a nota da terceira e coincidirá coa da final.

5.2.4. Criterios de cualificación para a avaliación final.

A nota será un número enteiro de 1 a 10 e considerarase aprobado cando se acade o 5; para obtela farase media entre a nota das tres avaliacións, (sempre que en cada unha delas se acadara cando menos un 5). Se en algunha avaliación ao longo do curso non se acadara o 5, realizarase un exame e/ou proba práctica no que se terán que recuperar aquelas partes nas que non se acadara un 5 (coas notas desta recuperación, seguiranse os mesmos criterios que coas das recuperacións da primeira e da segunda avaliación).

6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

- Recuperación das partes pendentes para alumnos/as de primeiro curso:

Para aquelas unidades didácticas nas que se faga algunha proba escrita (tipo test ou problemas), haberá un exame de recuperación que se fará ao

inicio da seguinte avaliación, salvo nas da terceira que coincidirá en data, lugar e hora coa proba escrita dos alumnos que perderon o dereito á avaliación continua.

Para as unidades de carácter práctico que se desenrolan ao longo do curso, e que abranguen as tres avaliacións, repetiranse as pezas nas que non se acadou cando menos un 4. Se algún/ha alumno/a, ao final da terceira avaliación, tivera pendente algunha destas pezas e a ponderación non lle dera para aprobar, deberá facer unha proba de carácter práctico. Esta proba poderá coincidir cos da perda do dereito a avaliación continua ou non, dependendo do número de alumn@s e das máquinas dispoñibles.

- Recuperación das partes pendentes para alumnos/as de segundo curso:

Os/as alumnos/as, que promocionaron a segundo curso co presente módulo pendente, deberán realizar ao longo das dúas primeiras avaliacións, as tarefas de recuperación que se indican:

-Unha peza na que se deban realizar as operacións mais significativas do torneado, podendo incluír tamén traballos con aparato divisor en fresadora ou en trade.

-Unha peza de fresadora, na que se teñan que facer traballos de planeado e tradeado por coordenadas, podendo incluír outras operacións coma as de roscado con macho, escareado, etc.

Para poder desenrolar estas tarefas, acordarase datas e horas co alumnado, podendo incluso realizalas polas tardes. Para a realización deste tipo de traballos, será necesario que estea presente o profesor do módulo.

No caso de que o/a alumno/a non supere o módulo nestas dúas primeiras avaliacións, deberá realizar outras tarefas ao longo da terceira avaliación para tentar recuperalo.

6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

Realizaranse dúas probas ao final do curso, o lugar, a data e a hora publicaranse no taboleiro de anuncios do instituto. A primeira será unha proba escrita a cerca dos contidos que se desenrolan ao longo do curso, incluírá:

-20 preguntas tipo test con catro respostas e so unha correcta (cada unha fallada desconta a metade dunha boa e as non contestadas non contan). Cada pregunta vale 0,25 puntos.

-5 problemas. Cada problema vale 1 punto (deben estar ben desenrolados, ordenados e o resultado ser correcto).

A segunda será unha proba práctica no taller, na cal se realizará unha ou mais pezas, na/s que para a súa fabricación sexa necesario aplicar a maioría dos procesos de fabricación que se estudan ao longo do curso (torneado, fresado, soldaxe, limado, etc.).

A nota final será un número enteiro entre 1 e 10; Para obtela farase media entre a proba escrita e proba práctica, inda que será necesario acadar como mínimo un 4 en cada unha das probas para poder facer a media.

7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

Realizarase un seguimento periódico da programación, contrastando o previsto e o realizado, tendo en conta: número de períodos lectivos cumpridos, unidades didácticas impartidas e resultados das probas realizadas, analizando o pretendido, o conseguido e adoptando os axustes necesarios. Complementarase coa coavaliación do profesor cos compañeiros do seminario.

8. Medidas de atención á diversidade

8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

Realizarase nos primeiros días do curso, e valorará os coñecementos previos do alumnado.
Farase de forma oral. Esta proba so se empregará a título informativo e non se terá en conta para a nota d@ alumn@.

8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

No caso de que o alumno non acadase globalmente os obxectivos programados segundo sexa o caso tomaranse as seguintes medidas para que poida acadalos:

- Ampliación do prazo de entrega do traballo ou realización dunha práctica ou tarefa cando non responde ós criterios de avaliación establecidos previamente polo docente, pero enténdese que cunha ampliación do prazo poderá mellorar o traballo e correxir os erros que se detecten.
- Non superación dunha proba escrita ou cuestionario, se unha vez escoitadas as razóns dadas polo alumno, o docente considera que o único problema foi de non adicarlle suficiente tempo á preparación da mesma, fixará unha nova data para repetir a proba escrita.
- No caso de que se observe que é falta de comprensión dos contidos aprendidos, primeiro será preciso reforzalos con explicacións de apoio, en momentos acordados entre o/s alumno/s e o docente, que non supoñan alteración da organización académica para ninguén, (sinalando un día pola tarde á semana para facer exercicios ou tarefas, consultar e aclarar dúbidas, etc.). É posible, que do seguimento destas actividades de reforzo o docente observe que os obxectivos ou mínimos xa foron acadados. Dará por acadados os mínimos e rematadas as sesións de apoio ou reforzo.

No caso de que non fora posible desenvolver clases presenciais de reforzo (porque se trata dun alumno que é de fora de Lalín e non ten en que vir fora do horario lectivo) o docente proporcionaríalle un boletín con actividades para facer pola súa conta e sinalarían un recreo ou máis, para correxir os erros e aclarar as dúbidas que se prantexen. Neste caso, se das cuestións que prantexa o alumno se desprende que se superaron as dificultades que impedían acadar os mínimos esixibles tamén se entenderá que xa están acadados os mínimos. No caso contrario, aínda que o alumno diga que sí que o entende, o docente pasaralle unha proba para que o acredite e de superala xa non haberá maior problema.

En calquera caso, será preciso que o alumno amose interese e esforzo, do contrario non se pode falar de reforzo ou apoio, nin de recuperación. Cando o alumno promociona a segundo curso do ciclo co módulo suspenso, dependendo das circunstancias poderanse establecer medidas de apoio e seguimento con atención individualizada determinados días e horas fora do horario lectivo, incluso sinalando datas e horas para a celebración de probas, para intentar que aprobe en marzo e poida ir á FCT. No caso de que quede para xuño xa se diseña un calendario con actividades lectivas, nas que se lles imparten clases presenciais de reforzo e repaso, e ó final fánselle probas escritas e exercicios prácticos que deberán superar.

No relativo ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo (ACNEAE), dicir que a día de hoxe non temos alumnado con estas características. Se na avaliación inicial se detecta algún caso, aplicaranse os protocolos establecidos pola consellería para os diferentes casos. Tamén dispoñemos dun dossier elaborado polo departamento de orientación para poder guiarse.

9. Aspectos transversais

9.a) Programación da educación en valores

Son contidos esencialmente referidos a actitudes e valores, que afectan a todas ás áreas, debendo ser desenroladas a o longo de toda a escolaridade.

Plantexaranse actividades e situacións que se integren dentro dos contidos da área como por exemplo:

1.- Educación ambiental:

-Respeto á natureza examinando os posibles impactos que un obxecto o sistema técnico produce no entorno natural, social e cultural durante a súa construción, uso ou eliminación.

-Elección de materias primas axeitadas, o seu aproveitamento óptimo, reciclaxe, xeración de refugallos mínimo, uso racional das enerxías.

2.- Educación para a saúde:

-Normas de seguridade e hixiene, criterios de utilización de materiais, ferramentas e máquinas.

-Ambiente de traballo agradable, condicións ambientais axeitadas, limpeza e orde.

3.- Educación para a igualdade:

-Evitar reparto discriminatorio de tarefas e responsabilidades.

-Emprego de linguaxe, textos e ilustracións non sexistas.

4.- Educación para a paz:

-Debates sobre o uso pacífico de coñecementos e avances técnicos, no papel dos medios informativos e a publicidade.

-Práctica do respecto, tolerancia, cooperación.

5.- Educación moral y cívica:

-Interese e respecto cara ás solucións adoptadas polos demais.

Analizar criticamente as consecuencias do desenvolvemento industrial sobre os valores morais, culturais, tempo libre e ocio.

9.b) Actividades complementarias e extraescolares

Todos os anos téntase levar ó alumnado a unha empresa cuxa actividade esté relacionada cos contidos do ciclo, para que vexan como será o seu traballo na realidade; traer algún técnico ou conferenciante a dar unha charla sobre calquera dos temas da actualidade relacionados co módulo, ou visitar algunha feira relacionada co sector para actualizarse e coñecer as novidades técnicas do sector relacionado coa mecatrónica industrial.

A realización destas actividades depende, entre outras cousas, do presuposto do departamento, e da disposición das empresas a aceptar visitas.

As actividades propostas para este curso son:

- Visita a BIEMH 2024, Feira Internacional de Máquina Herramienta, de Bilbao, no terceiro trimestre.
- Visita a empresas da zona relacionadas cos contidos impartidos no ciclo.

10.Outros apartados

10.1) Simultaneidade na impartición de tarefas nas unidades didácticas 2, 3 e 4.

Estas unidades impartiranse de forma simultanea ao longo de todo o curso (en todos aqueles períodos que non se adiquen a outras unidades). O profesor explicará e/ou realizará sobre cada unha das máquinas, as tarefas de carácter práctico, que correspondan as diferentes unidades didácticas.

Posteriormente, o alumnado distribuirase nas diferentes máquinas, rotando para que en todo momento estean ocupados/as, e todos/as poidan realizar os mesmos traballos, xa que non dispoñemos de máquinas suficientes, para que todo o alumnado desenrole as mesmas tarefas ao mesmo tempo.

10.2) Comunicación da programación ao alumnado.

Para garantir o dereito do alumnado a coñecer a programación e fundamentalmente os criterios de avaliación e mínimos esixibles, así como o nivel mínimo que se considera necesario para ter superado este módulo, as programacións do departamento, incluído este módulo, subiranse á páxina web do IES, onde poderán ser consultadas en calquera momento.

1. Identificación da programación

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36013758	Laxeiro	Lalín	2023/2024

Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
IMA	Instalación e mantemento	CSIMA03	Mecatrónica industrial	Ciclos formativos de grao superior	Réxime xeral-ordinario

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP0940	Representación gráfica de sistemas mecatrónicos	2023/2024	5	133	159
MP0940_12	Representación de produtos mecánicos e automatismos, e especificación das características	2023/2024	5	75	90
MP0940_22	Debuxo asistido por computador (CAD)	2023/2024	5	58	69

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	XESÚS BETANZOS REGO
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión inspector

2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

Tal como se establece o currículo do Ciclo Superior Mecatrónica

"A competencia xeral deste título consiste en configurar e optimizar sistemas mecatrónicos industriais, así como planifica e representar, seguindo os protocolos de calidade, de seguridade e de prevención de riscos laborais, e de respecto ambiental".

Este módulo profesional contén a formación necesaria para desempeñar a función de deseño aplicada nos procesos de mantemento industrial.

A función de deseño abrangue aspectos como:

-Esbozamento de produtos mecánicos.

-Aplicación de técnicas de debuxo asistido por computador (CAD) para a realización gráfica en planos de pezas e conxuntos de fabricación mecánica.

-Representación gráfica segundo a normativa para a cotación, elementos normalizados, acabamentos superficiais, representación de esquemas de automatización, etc.

As actividades profesionais asociadas a esta función aplícanse na representación de pezas e conxuntos mecánicos.

A formación do módulo contribúe a alcanzar os seguintes obxectivos xerais do ciclo formativo,

a) Identificar a información salientable, analizando e interpretando documentación técnica, para obter os datos necesarios na montaxe e no mantemento.

b) Dimensionar os equipamentos e os elementos das máquinas e das liñas automatizadas de produción, aplicando procedementos de cálculo e atendendo ás prescricións técnicas, para configurar e calcular a instalación ou o equipamento.

c) Desenvolver os planos e os esquemas, utilizando as ferramentas gráficas de deseño asistido por computador, para configurar as instalacións e as súas modificacións. e as competencias:

a) Obter os datos necesarios para programar a montaxe e o mantemento dos sistemas mecatrónicos.

b) Configurar sistemas mecatrónicos industriais, seleccionando os equipamentos e os elementos que os compoñen.

m) Elaborar planos e esquemas coas ferramentas informáticas de deseño, para actualizar a documentación e reflectir as modificacións realizadas.

As liñas de actuación no proceso de ensino e aprendizaxe que permiten alcanzar os obxectivos do módulo han versar sobre:

- Interpretación de información técnica.

- Representación gráfica de produtos de fabricación mecánica, utilizando utensilios de debuxo e programas de deseño asistido por computador (CAD).

3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)	Resultados de aprendizaxe			Resultados
					94012			94022
					RA1	RA2	RA3	RA1
1	Representación dos sistemas mecánicos.		42	25	X			
2	Especificación das características dos produtos mecánicos.		32	20		X		
3	Representación de sistemas automatizados.		16	11			X	
4	Debuxo asistido por computadora.		69	44				X
Total:			159					

4. Por cada unidade didáctica

4.1.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	Representación dos sistemas mecánicos.	42

4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Debuxa produtos mecánicos, aplicando normas de representación gráfica.	SI

4.1.c) Obxectivos específicos da unidade didáctica

Obxectivos específicos	Act	Título das actividades	Duración (sesións)
1.1 Conocer as distintas organizacións internacionais, elaboradoras de normas e de estándares de calidade.	1	Normalización.	6,0
1.2 Aprender algunhas das normas, que regulan todo o relacionado ca elaboración de planos industriais.			
2.1 Coñecer os distintos sistemas de representación.	2	Sistemas de representación.	6,0
2.2 Identificar as distintas aplicacións dos sistemas de representación.			
3.1 Identificar as distintas vistas de un elemento mecánico.	3	Vistas	18,0
4.1 Conocer as distintos tipos de corte.	4	Cortes e seccións.	12,0
4.2 Interpretar os distintos cortes ou seccións dun sistema mecánico			
TOTAL			42

4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exigibles	Peso cualificación (%)
CA1.1 Selecciónouse o sistema de representación gráfica máis adecuado para representar o produto, dependendo da información que se desexe amosar.	• TO.1	S	10
CA1.2 Preparáronse os instrumentos de representación e os soportes necesarios.	• TO.2	S	10
CA1.3 Elaborouse un esbozo a man alzada segundo as normas de representación gráfica.	• TO.3	S	10
CA1.4 Elixiuse a escala en función do tamaño dos obxectos que se vaian representar.	• TO.4	S	10
CA1.5 Realizáronse as vistas mínimas necesarias para visualizar o produto.	• TO.5	S	10
CA1.6 Representáronse os detalles, identificando a súa escala e a súa posición na peza.	• PE.1	S	10
CA1.7 Realizáronse os cortes e as seccións necesarios para representar todas as partes ocultas do produto.	• PE.2	S	10
CA1.8 Representáronse despezaementos de conxunto.	• PE.3	S	10
CA1.9 Tivéronse en conta as normas de representación gráfica para determinar o tipo e o grosor de liña, segundo o que represente.	• PE.4	S	10

Critérios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exixibles	Peso cualificación (%)
CA1.10 Encartáronse planos, seguindo normas específicas.	<ul style="list-style-type: none"> TO.6 	S	10
TOTAL			100

4.1.e) Contidos

Contidos
Normalización e normas de debuxo industrial. OCortes, seccións e roturas. Encartadura de planos. Formatos normalizados. Técnicas de esbozamentno. Sistemas de representación: diédrico, perspectivas cabaleira e axonométrico (isométrico). Liñas normalizadas. Escalas. Planos de conxunto e despezamento. Sistemas de representación gráfica: sistemas europeo e americano. Vistas.

4.1.f) Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
Coñecendo os riscos. - Trátase de definir e clasificar as condicións de traballo coas que nos atopamos e que poden xenerar riscos, estudando os factores de risco e os posibles danos que se poden derivar para a saúde para adoptar as medidas de prevención e protección axeitadas.	<ul style="list-style-type: none"> Partindo do aprendido na ud 1 presentarei un suposto relacionado coa actividade de mantemento de equipos industriais, propia do perfil, a analizar polos alumnos no que terán que determinar os factores de risco ligados ás condicións de seguridade, ambientais, ergonómicas e psicosociais. 	<ul style="list-style-type: none"> Os alumnos en parellas resolverán o suposto, recollendo individualmente no seu caderno as conclusións ás que chegan. A continuación farase unha posta en común na que se aclararán dúbidas e se recollerán por escrito unhas conclusións sobre os factores de risco que están presentes para poder pasar á seguinte tarefa. De novo en parellas e partindo do documento resultante da posta en común anterior os alumnos deberán establecer os danos á saúde que se poidan derivar racionalmente dos factores de risco detectados. 	<ul style="list-style-type: none"> Cadro ou chek list dos factores de risco detectados. Avaliación dos riscos detectados. Á vista do cadro elaborado establecer medidas de corrección seguindo un criterio de prioridades tendo en conta o procedemento establecido polo INSHT. 	<ul style="list-style-type: none"> Ordenadores con acceso a internet- Portal do INSHT Instalacións dos talleres do centro. 	<ul style="list-style-type: none"> PE.1 - Sobre condicións de traballo en xeral. PE.3 - Clasificación dos factores de risco en xeral. PE.4 - A clasificación dos distintos tipos de danos profesionais, nomeadamente os accidentes de traballo e as enfermidades profesionais. PE.6 - Situacións de risco máis habituais nos contornos laborais. 	8,0

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
Avaliando os riscos e tomando medidas. - Trátase de que unha vez que coñecemos os factores de risco cos que nos atopamos poidamos avalialos para adoitar medidas establecendo prioridades.	<ul style="list-style-type: none"> • Guíalos ata o INSHT para que localicen o método de avaliación de riscos adoitado por este organismo. Aclarar dúbidas e presentar distintos supostos que serán obxecto de estudio e análise polo alumnado. 	<ul style="list-style-type: none"> • Analizar os factores de risco dos supostos dados e estudar o método de avaliación de riscos do INSHT para aplicalo despois aos supostos prantexados. 	<ul style="list-style-type: none"> • Resolución de cuestionarios • Análise de factores de risco presentes en diferentes supostos. • Avaliación de riscos seguindo o método do INSHT • Realización das probas escritas prantexadas pola profesora • Resolución dun suposto práctico no que sexa preciso avaliar os riscos e adoitar as medidas correctoras oportunas seguindo unha orde de prioridades. 	<ul style="list-style-type: none"> • 	<ul style="list-style-type: none"> • OU.1 - Sobre un contorno de traballo, real ou simulado, relacionado co sector de actividade. • PE.2 - Sobre as condicións de traballo máis • PE.5 - A clasificación e descrición dos accidentes e enfermidades profesionais relacionados co perfil de técnico superior en Mecatrónica Industrial. • PE.7 - Sobre as situacións de risco máis habituais nos contornos de traballo relacionados co perfil profesional de técnico superior en Mecatrónica Industrial. 	8,0
TOTAL						16,0

4.3.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
3	Temos plan!	12

4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Participa na elaboración dun plan de prevención de riscos e identifica as responsabilidades de todos os axentes implicados.	SI

4.3.c) Obxectivos específicos da unidade didáctica

Obxectivos específicos	Act	Título das actividades	Duración (sesións)
1.1 Coñecer as modalidades de xestionar a prevención na empresa. 1.2 Determinar os xeitos de representación das persoas traballadoras na empresa en materia de prevención de riscos. 1.3 Identificar os organismos públicos relacionados coa prevención de riscos laborais.	1	A xestión da prevención na empresa.	6,0
2.1 Identificar as persoas responsables e as funcións de cada quen dentro da empresa no tocante á prevención de riscos. 2.2 Valorar a necesidade e a utilidade do plan de prevención de riscos. 2.3 Definir o contido do plan de prevención nun centro de traballo relacionado co sector profesional da titulación de técnico superior en mecánica industrial. 2.4 Analizar as partes do plan de prevención como un instrumento lóxico e coherente de loitar contra os riscos. 2.5 Proxectar un plan de emerxencia e evacuación para unha pequena ou mediana empresa do sector de actividade do título.	2	Elaboración do plan de autoprotección.	6,0
TOTAL			12

4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exixibles	Peso cualificación (%)
CA3.1 Valorouse a importancia dos hábitos preventivos en todos os ámbitos e en todas as actividades da empresa.	<ul style="list-style-type: none"> TO.1 - Sobre os hábitos preventivos en todos os ámbitos e en todas as actividades da empresa. 	S	5
CA3.2 Clasificáronse os xeitos de organización da prevención na empresa en función dos criterios establecidos na normativa sobre prevención de riscos laborais.	<ul style="list-style-type: none"> PE.1 - Os xeitos de organizar a prevención na empresa, conforme establece a normativa. 	S	10
CA3.3 Determináronse os xeitos de representación das persoas traballadoras na empresa en materia de prevención de riscos.	<ul style="list-style-type: none"> PE.2 - Sobre as modalidades de representación dos traballadores en materia de prevención de riscos na empresa. 	S	10
CA3.4 Identificáronse os organismos públicos relacionados coa prevención de riscos laborais.	<ul style="list-style-type: none"> PE.3 - A identificación dos organismos públicos con competencia en prevención de riscos laborais. 	S	10
CA3.5 Valorouse a importancia da existencia dun plan preventivo na empresa que inclúa a secuencia de actuacións para realizar en caso de emerxencia.	<ul style="list-style-type: none"> TO.2 - Sobre un modelo de plan preventivo na empresa coa secuencia de actuacións a seguir no suposto de emerxencia. 	S	5
CA3.6 Estableceuse o ámbito dunha prevención integrada nas actividades da empresa, e determináronse as responsabilidades e as funcións de cadaquén.	<ul style="list-style-type: none"> PE.4 - Sobre o ámbito da prevención integrada e as responsabilidades e funcións de cadaquén. 	S	15

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exigibles	Peso cualificación (%)
CA3.7 Defínese o contido do plan de prevención nun centro de traballo relacionado co sector profesional da titulación de técnico superior en mecatrónica industrial.	<ul style="list-style-type: none"> LC.1 - Sobre un suposto plan de prevención dun centro de traballo, real ou simulado, relacionado co sector profesional da titulación de técnico superior en mecatrónica industrial. 	S	20
CA3.8 Proxectouse un plan de emerxencia e evacuación para unha pequena ou mediana empresa do sector de actividade do título.	<ul style="list-style-type: none"> LC.2 - Sobre un proxecto de plan de emerxencia e evacuación elaborado polo alumno/a sobre unha pequena ou mediana empresa, real ou hipotética, do sector de actividade do título. 	S	25
TOTAL			100

4.3.e) Contidos

Contidos
<p>Xestión da prevención na empresa: funcións e responsabilidades.</p> <p>Órganos de representación e participación das persoas traballadoras en prevención de riscos laborais.</p> <p>Organismos estatais e autonómicos relacionados coa prevención de riscos.</p> <p>Planificación da prevención na empresa.</p> <p>Plans de emerxencia e de evacuación en contornos de traballo.</p> <p>Elaboración dun plan de emerxencia nunha empresa do sector.</p> <p>Participación na planificación e na posta en práctica dos plans de prevención.</p>

4.3.f) Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
A xestión da prevención na empresa. - coñeceremos os distintos modelos de levar adiante a prevención integral de riscos na empresa e as funcións e responsabilidades que conleva, así como a documentación necesaria para a súa implantación.					<ul style="list-style-type: none"> PE.1 - Os xeitos de organizar a prevención na empresa, conforme establece a normativa. PE.2 - Sobre as modalidades de representación dos traballadores en materia de prevención de riscos na empresa. PE.3 - A identificación dos organismos públicos con competencia en prevención de riscos laborais. TO.1 - Sobre os hábitos preventivos en tódos os ámbitos e en todas as actividades da empresa. 	6,0

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
Elaboración do plan de autoprotección. - Os alumnos elaborarán un plan de prevención para unha pequena empresa ou taller do seu sector profesional					<ul style="list-style-type: none"> • LC.1 - Sobre un suposto plan de prevención dun centro de traballo, real ou simulado, relacionado co sector profesional da titulación de técnico superior en mecatrónica industrial. • LC.2 - Sobre un proxecto de plan de emerxencia e evacuación elaborado polo alumno/a sobre unha pequena ou mediana empresa, real ou hipotética, do sector de actividade do título. • PE.4 - Sobre o ámbito da prevención integrada e as responsabilidades e funcións de cadaquén. • TO.2 - Sobre un modelo de plan preventivo na empresa coa secuencia de actuacións a seguir no suposto de emerxencia. 	6,0
TOTAL						12,0

4.4.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
4	Tomando medidas.	12

4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA4 - Determina as medidas de prevención e protección no contorno laboral da titulación de técnico superior en mecatrónica industrial.	SI

4.4.c) Obxectivos específicos da unidade didáctica

Obxectivos específicos	Act	Título das actividades	Duración (sesións)
1.1 Coñecer as técnicas preventivas de loita contra riscos e as técnicas de protección, individuais e colectivas. 1.2 Analizar de xeito máis detido o risco de incendio, as súas causas e as medidas de prevención e protección axeitadas. 1.3 Coñecer o significado das sinais de seguridade e os criterios a seguir na súa utilización. 1.4 Requisitos que debe reunir un equipo individual de protección, os elementos que o integran e os dereitos e obrigas do traballador e o empresario en relación aos mesmos.	1	Medidas de Prevención e Protección.	5,0
2.1 Coñecer o protocolo PAS, no caso dunha emerxencia médica. 2.2 Coñecer a secuencia de actuacións no caso de primeiros auxilios. 2.3 Saber en que consiste a RCP. 2.4 Practicar a PLS 2.5 Clasificar, no caso de feridos múltiples, segundo a técnica do triage. 2.6 Aplicar as primeiras atencións dependendo da causa que orixinou a urxencia sanitaria; cortes, fracturas, queimaduras,....etc. 2.7 Coñecer o contido mínimo do botiquín de primeiros auxilios e como mantelo en condicións óptimas.	2	Emerxencias e primeiros auxilios.	7,0
TOTAL			12

4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exigibles	Peso cualificación (%)
CA4.1 Definíronse as técnicas e as medidas de prevención e de protección que se deben aplicar para evitar ou diminuír os factores de risco, ou para reducir as súas consecuencias no caso de materializarse.	<ul style="list-style-type: none"> PE.1 - As distintas técnicas e medidas de prevención e protección que se deben aplicar para evitar ou diminuír os factores de risco, ou para reducir as súas consecuencias no caso de materializarse. 	S	10
CA4.2 Analizouse o significado e o alcance da sinalización de seguridade de diversos tipos.	<ul style="list-style-type: none"> PE.2 - Sobre o análise do significado e alcance da sinalización de seguridade de diversos tipos 	S	15
CA4.3 Seleccionáronse os equipamentos de protección individual (EPI) axeitados ás situacións de risco atopadas.	<ul style="list-style-type: none"> TO.1 - Sobre a selección dos EPIS axeitados ás situacións de risco atopadas. 	S	20
CA4.4 Analizáronse os protocolos de actuación en caso de emerxencia.	<ul style="list-style-type: none"> PE.3 - Sobre os protocolos de actuación en caso de emerxencia. 	S	15

Cráterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exixibles	Peso cualificación (%)
CA4.5 Identifícaronse as técnicas de clasificación de persoas feridas en caso de emerxencia, onde existan vítimas de diversa gravidade.	<ul style="list-style-type: none"> PE.4 - Sobre unha situación na que existen vítimas de diversa gravidade na que se debe utilizar a técnica de clasificación do triage. 	S	10
CA4.6 Identifícaronse as técnicas básicas de primeiros auxilios que se deben aplicar no lugar do accidente ante danos de diversos tipos, así como a composición e o uso da caixa de urxencias.			0
CA4.6.1 Identifícaronse as técnicas básicas de primeiros auxilios que se deben aplicar no lugar do accidente ante danos de diversos tipos	<ul style="list-style-type: none"> TO.2 - Sobre as técnicas básicas de primeiros auxilios a aplicar no lugar do accidente ante danos de diversos tipos. 	S	20
CA4.6.2 Identifícouse a composición e o uso da caixa de urxencias.	<ul style="list-style-type: none"> PE.5 - Sobre a composición e o uso da caixa de urxencias. 	S	10
TOTAL			100

4.4.e) Contidos

Contidos
Medidas de prevención e protección individual e colectiva. Protocolo de actuación ante unha situación de emerxencia. Aplicación das técnicas de primeiros auxilios. Actuación responsable en situacións de emerxencias e primeiros auxilios.

4.4.f) Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
Medidas de Prevención e Protección. - Trataremos de coñecer as distintas técnicas de loita contra os riscos e as súas consecuencias, especialmente no relativo á sinalización de seguridade, loita contra lumes e os equipos de protección individual e medidas de protección colectiva.					<ul style="list-style-type: none"> PE.1 - As distintas técnicas e medidas de prevención e protección que se deben aplicar para evitar ou diminuír os factores de risco, ou para reducir as súas consecuencias no caso de materializarse. PE.2 - Sobre o análise do significado e alcance da sinalización de seguridade de diversos tipos TO.1 - Sobre a selección dos EPIS axeitados ás situacións de risco atopadas. 	5,0

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
Emerxencias e primeiros auxilios. - Coñeceremos que debemos facer ou non facer nunha situación de emerxencia e cales son as técnicas básicas de intervención en primeiros auxilios.					<ul style="list-style-type: none"> • PE.3 - Sobre os protocolos de actuación en caso de emerxencia. • PE.4 - Sobre unha situación na que existen vítimas de diversa gravidade na que se debe utilizar a técnica de clasificación do triage. • PE.5 - Sobre a composición e o uso da caixa de urxencias. • TO.2 - Sobre as técnicas básicas de primeiros auxilios a aplicar no lugar do accidente ante danos de diversos tipos. 	7,0
TOTAL						12,0

4.5.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
5	A relación laboral. O contrato de traballo e o convenio colectivo.	28

4.5.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Identifica os dereitos e as obrigas que se derivan das relacións laborais, e recoñéceos en diferentes situacións de traballo.	NO

4.5.c) Obxectivos específicos da unidade didáctica

Obxectivos específicos	Act	Título das actividades	Duración (sesións)
1.1 Coñecer a orixe e as características do Dereito Laboral. 1.2 Discriminar entre relacións laborais, ordinarias e especiais, e as que non o son, determinando o ámbito de aplicación das normas laborais. 1.3 Estudar as fontes creadoras e formais do Dereito Laboral. 1.4 Analizar e aplicar os principios de aplicación das normas laborais. 1.5 Analizar os dereitos laborais fundamentais e os derivados da relación laboral. 1.6 Coñecer os deberes do traballador. 1.7 Coñecer os poderes do empresario, analizando os límites dos mesmos. 1.8 Estudar a organización laboral distinguindo os organismos básicos do ámbito administrativo e xurisdiccional.	1	O Dereito Laboral e a relación laboral.	8,0
2.1 Coñecer os elementos esenciais do contrato e o contido mínimo. 2.2 Definir, clasificar e aplicar as distintas modalidades contractuais. 2.3 Analizar a clasificación profesional á vista da súa formación e os postos que poderían ocupar tendo en conta o Convenio colectivo do siderometal. 2.4 Valorar a repercusión da clasificación profesional asinada no contrato, no tocante ás tarefas e funcións, salario e seguridade social. 2.5 Analizar o contido básico dun convenio colectivo como froito da negociación colectiva levada a cabo polos representantes de empresarios e traballadores. 2.6 Estudar a regulación básica en materia de xornada laboral que contén o Estatuto dos Traballadores e comparala coa regulación do convenio do siderometal. 2.7 Interpretar e definir correctamente todos os elementos que integran a nómina. 2.8 Identificar as características que se dan actualmente nas organizacións empresariais e na organización da produción, que modifican os contornos laborais habituais ata ben pouco e as súas repercusións nos dereitos laborais e nas condicións de traballo tal como as contemplou sempre o Dereito Laboral.	2	O contrato de traballo e as condicións laborais.	20,0
TOTAL			28

4.5.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exigibles	Peso cualificación (%)
CA2.1 Identifícanse o ámbito de aplicación, as fontes e os principios de aplicación do dereito do traballo.	<ul style="list-style-type: none"> PE.1 - Sobre o ámbito de aplicación do Dereito Laboral, as fontes e os principios de aplicación das normas laborais. 	S	10
CA2.2 Distingúense os principais organismos que interveñen nas relacións laborais.	<ul style="list-style-type: none"> PE.2 - Sobre os organismos administrativos e xurisdiccionais que interveñen nas relacións laborais. 	S	5
CA2.3 Identifícanse os elementos esenciais dun contrato de traballo.	<ul style="list-style-type: none"> PE.3 - Sobre os elementos esenciais dos contratos de traballo. 	S	10
CA2.4 Analízanse as principais modalidades de contratación e identifícanse as medidas de fomento da contratación para determinados colectivos.	<ul style="list-style-type: none"> PE.4 - Sobre as distintas modalidades de contrato de traballo e medidas de fomento do emprego. 	S	10
CA2.5 Valoráronse os dereitos e as obrigas que se recollen na normativa laboral.	<ul style="list-style-type: none"> PE.5 - Sobre os dereitos e obrigas recollidas polas normas laborais. 	S	5
CA2.6 Determináronse as condicións de traballo pactadas no convenio colectivo aplicable ou, en ausencia deste, as condicións habituais no sector profesional relacionado co título de técnico superior en mecatrónica industrial.	<ul style="list-style-type: none"> LC.1 - Sobre as condicións de traballo pactadas no convenio do siderometal. 	S	15
CA2.7 Valoráronse as medidas establecidas pola lexislación para a conciliación da vida laboral e familiar, e para a igualdade efectiva entre homes e mulleres.	<ul style="list-style-type: none"> OU.1 - Sobre as medidas establecidas pola lexislación para a conciliación da vida laboral e familiar e para a igualdade efectiva entre homes e mulleres. 	S	10
CA2.8 Analízase o recibo de salarios e identifícanse os principais elementos que o integran.	<ul style="list-style-type: none"> PE.6 - sobre o recibo de salarios e os elementos que o integran. 	S	15
CA2.10 Identifícanse os órganos de representación das persoas traballadoras na empresa.	<ul style="list-style-type: none"> PE.7 - A determinación dos órganos de representación das persoas traballadoras na empresa. 	S	5
CA2.11 Analízanse os conflitos colectivos na empresa e os procedementos de solución.	<ul style="list-style-type: none"> LC.2 - Sobre conflitos colectivos que aparecen na prensa. 	S	10
CA2.12 Identifícanse as características definitorias dos novos contornos de organización do traballo.	<ul style="list-style-type: none"> OU.2 - Sobre os novos contornos de traballo. 	S	5
TOTAL			100

4.5.e) Contidos

Contidos
<p>Dereito do traballo.</p> <p>Sindicatos de traballadores e asociacións empresariais.</p> <p>Representación das persoas traballadoras na empresa.</p> <p>Conflitos colectivos.</p> <p>Novos contornos de organización do traballo.</p> <p>Organismos públicos (administrativos e xudiciais) que interveñen nas relacións laborais.</p> <p>Análise da relación laboral individual.</p> <p>Dereitos e deberes derivados da relación laboral.</p> <p>Análise dun convenio colectivo aplicable ao ámbito profesional da titulación de técnico superior en mecatrónica industrial.</p> <p>Modalidades de contrato de traballo e medidas de fomento da contratación.</p> <p>Análise das principais condicións de traballo: clasificación e promoción profesional, tempo de traballo, retribución, etc.</p> <p style="color: green;">As medidas establecidas pola lexislación para a conciliación da vida laboral e familiar e a igualdade efectiva entre homes e mulleres (CA.2.7)</p> <p style="color: green;">As medidas para a conciliación da vida laboral e familiar e a igualdade efectiva entre homes e mulleres recollidas no convenio colectivo.</p>



4.5.f) Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	Duración (sesións)

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
<p>O Dereito Laboral e a relación laboral. - Coñeceremos a orixe e características do Dereito Laboral, as fontes das normas xurídico-laborais e os principios de aplicación das mesmas. Así como distinguiremos as relacións laborais das que non o son e os dereitos e deberes laborais básicos e derivados da mesma.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Introdución ao Dereito Laboral coa proxección dunha película de temática laboral, que serva para abrir un debate entre o alumnado sobre a importancia desta rama do Dereito na actualidade e de cales foron as súas orixes e cal é o espírito inicial desta rama. • Comezar coas explicacións que desenvolven os contidos desta actividade, seleccionando ou propoñendo exercicios do libro do alumno que lle servan de reforzo ás explicacións. Ao remate corregir os exercicios propostos e resolver dúbidas. • Lectura en voz alta dos artigos 28, 35 e 37 da Constitución e dos artigos 4 e 5 do Estatuto, nos que se desenvolven os dereitos e deberes laborais derivados da relación laboral. Á vez que se desgranar os aspectos máis relevantes dos mesmos e diferenciando o carácter de dereitos fundamentais previos á relación laboral e dereitos derivados da mesma. • Explicar agora os deberes dos traballadores relacionándoos cos poderes do empresario e as súas limitacións. Prantexar supostos sinxelos de incumprimento dos deberes laborais e do exercicio dos poderes do empresario. • Deseñar unha proba escrita na que se poida acreditar que os alumnos acadaron os obxectivos de aprendizaxe desenvolvidos nesta actividade. 	<ul style="list-style-type: none"> • Participar no debate ou reflexión en común sobre a utilidade das normas laborais na actual situación de crise. • Recoller información, facer un esquema no que se relacionen os dereitos laborais recoñecidos pola Constitución e polo Estatuto. Facer os exercicios ou actividades propostas no libro e seguir a corrección en grupo así como prantexar calquera dúbida que se poida ter ao respecto. • Localizar no Estatuto dos Traballadores e no Convenio do Siderometal as consecuencias de condutas contrarias aos deberes do traballador de dilixencia, boa fe, obediencia, non competencia, etc. • Realización da proba escrita de avaliación. 	<ul style="list-style-type: none"> • Debate sobre a utilidade das normas laborais no actual contexto de crise. • Realización dun esquema cos dereitos laborais. • Localización de normativa sobre condutas incumplidoras do traballador tanto no E.T. como no Convenio c. do siderometal. • Resolución de exercicios do libro. • Proba escrita. 	<ul style="list-style-type: none"> • Textos legais; a Constitución e o Estatuto dos Traballadores. • Convenio do Siderometal da provincia de Pontevedra. • Medios audiovisuais. • Manual de FOL. 	<ul style="list-style-type: none"> • LC.2 - Sobre conflitos colectivos que aparecen na prensa. • OU.2 - Sobre os novos contornos de traballo. • PE.1 - Sobre o ámbito de aplicación do Dereito Laboral, as fontes e os principios de aplicación das normas laborais. • PE.2 - Sobre os organismos administrativos e xurisdiccionais que interveñen nas relacións laborais. • PE.5 - Sobre os dereitos e obrigas recollidas polas normas laborais. • PE.7 - A determinación dos órganos de representación das persoas traballadoras na empresa. 	8,0

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
<p>O contrato de traballo e as condicións laborais. - Estudaranse os elementos esenciais e contido mínimo dos contratos así como os tipos de contratos e as condicións laborais establecidas pola lei e polo contrato e convenio.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Explicar ós contidos asociados a esta actividade, seguindo o esquema do libro e resumindo os artigos do Estatuto dos Traballadores relativos á capacidade para contratar e a forma do contrato e trámites subsiguientes aos que está obrigado o empresario. • Guiará a todos os alumnos, coa axuda dos medios audiovisuais, ata o portal de Empleo y Seguridad Social para localizar información, sempre ao día, na Guía Laboral. Propoñerá actividades e supostos a resolver coa consulta da mesma. • Facer un esquema sobre as axudas e incentivos á contratación laboral, explicando de maneira sinxela en que consisten normalmente estes incentivos. A continuación formará grupos de catro alumnos, que simularán ser unha asesoría laboral para empresas e cada grupo recibirá supostos distintos de candidatos a ser contratados. Tendo en conta ás axudas e incentivos deberán elixir o candidato e o tipo de contrato máis axeitado, razoando a súa elección. • Facer de moderadora no debate a modo de conclusión e observar as actitudes e comportamentos do alumnado como resultado do traballo desenvuelto. • A profesora plantexará a resolución de cuestión relativas ás condicións de traballo nunha empresa do ámbito de aplicación do convenio do siderometal da provincia de Pontevedra para que os alumnos/as, despois de analizar o contido 	<ul style="list-style-type: none"> • Recoller a información e facer un esquema do explicado. A continuación, buscar información sobre as E. T.T. para responder as cuestións relativas á natureza da relación laboral entre a ETT e o traballador cedido; e éste e a empresa usuaria. Quen lle paga o salario?, cobra igual cos traballadores de plantilla da empresa usuaria?, quen está obrigado a formalo en prevención de riscos?, etc. • Resolverá os supostos sobre distintas necesidades na empresa e o tipo de contrato máis axeitado, consultando o seu propio manual e a Guía Laboral de Empleo y Seguridad Social. A continuación tentará formalizar un contrato segundo o modelo oficial que se atopará neste sitio. • Resolver en grupo os casos prantexados de xeito razoado. Expoñer as súas solucións ao resto da clase explicando ben en que consisten as axudas que recibirá a empresa (tipo, cuantía e duración) e que requisitos deber reunir para recibilas, así como os colectivos que se ven beneficiados polas mesmas. Ao mesmo tempo recollerá a información que lle proporcione o resto dos grupos. • Debater de maneira argumentativa sobre a valoración que lles merece os tipos de contratación e as medidas de fomento. • Facer unha proba escrita individual con dúas partes; a primeira un cuestionario sobre aspectos xerais do contrato e unha segunda na que poderán consultar os apuntes e esquemas elaborados nos 	<ul style="list-style-type: none"> • Esquemas e apuntes. • Resolución de supostos. • Debater con argumentos. • Cálculos sencillos de salario e cumprimentación da nómina. • Proba escrita individual. 	<ul style="list-style-type: none"> • Manual de FOL • Aula de ordenadores con acceso a internet. • Medios audiovisuais 	<ul style="list-style-type: none"> • LC.1 - Sobre as condicións de traballo pactadas no convenio do siderometal. • OU.1 - Sobre as medidas establecidas pola lexislación para a conciliación da vida laboral e familiar e para a igualdade efectiva entre homes e mulleres. • PE.3 - Sobre os elementos esenciais dos contratos de traballo. • PE.4 - Sobre as distintas modalidades de contrato de traballo e medidas de fomento do emprego. • PE.6 - sobre o recibo de salarios e os elementos que o integran. 	20,0

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
	<p>mínimo do convenio, e poidan establecer as melloras con relación aos mínimos legais establecidos polo E.T. Atendendo especialmente a xornada, descansos e salario.</p> <ul style="list-style-type: none"> Levará a clase a lexislación que poida afectar as condicións laborais como consecuencia das medidas de conciliación da vida laboral e familiar, en relación á xornada e permisos. Explicará a estrutura básica da nómina e os conceptos que integran o salario, partindo do E.T, así como as deducións da Seguridade Social e as Retencións a conta do IRPF. Facendo varios supostos na clase. 	<p>traballos de clase, para resolver distintos supostos de contratación axeitada atendendo ás necesidades da empresa e ao perfil do demandante de emprego.</p> <ul style="list-style-type: none"> Resolver os casos prácticos prantexados pola profesora consultando o ET e o Convenio do siderometal. Elaborarán unha nómina sencilla calculando o salario neto do traballador partindo dos datos obtidos no Convenio do Siderometal e o aprendido. 				
TOTAL						28,0

4.6.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
6	A modificación, suspensión e extinción do contrato de traballo	18

4.6.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Identifica os dereitos e as obrigas que se derivan das relacións laborais, e recoñéceos en diferentes situacións de traballo.	NO

4.6.c) Obxectivos específicos da unidade didáctica

Obxectivos específicos	Act	Título das actividades	Duración (sesións)
1.1 Analizar os supostos de mobilidade funcional, coñecendo as causas xustificativas, requisitos, efectos da mesma e as opcións do traballador. 1.2 Distinguir os supostos de traslado e desprazamento, no caso de mobilidade xeográfica, analizando as causas motivadoras, requisitos, efectos e opcións do traballador. 1.3 Valorar como condicionan ou matizan a mobilidade xeográfica as medidas de conciliación da vida laboral e familiar . 1.4 Analizar as chamadas modificacións substanciais das condicións de traballo, as causas, requisitos, efectos e opcións do traballador.	1	A modificación das condicións do contrato.	3,0
2.1 Clasificar as causas motivadoras da suspensión do contrato e os seus efectos. 2.2 Analizar os distintos casos de excedencia, diferenciando causas e efectos. 2.3 Valorar, dende unha perspectiva de igualdade entre homes e mulleres e de conciliación da vida laboral e familiar, os permisos e excedencias por coidado de fillos e familiares. 2.4 Sensibilizar ao alumnado masculino diante da necesidade de asumir roles activos no coidado dos fillos e familiares acolléndose ás medidas establecidas pola lei neste sentido, facendo efectiva a igualdade entre homes e mulleres. 2.5 Analizar os efectos da suspensión por causas económicas, técnicas organizativas ou da produción.	2	A suspensión do contrato de traballo.	6,0
3.1 Ter unha idea clara das distintas causas de extinción da relación laboral. 3.2 Analizar de xeito máis detido a extinción por causas obxectivas e por causas disciplinarias. 3.3 Coñecer os requisitos formais dun despedimento. 3.4 Calcular o finiquito correspondente. 3.5 Determinar prazos, forma e organismos que interveñen na reclamación fronte ao despedimento. 3.6 Coñecer as consecuencias do pronunciamiento xudicial sobre a reclamación fronte ao despedimento.	3	A extinción do contrato de traballo.	9,0
TOTAL			18

4.6.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exixibles	Peso cualificación (%)
-------------------------	----------------------------	-------------------	------------------------

Cráterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exixibles	Peso cualificación (%)
CA2.7 Valoráronse as medidas establecidas pola lexislación para a conciliación da vida laboral e familiar, e para a igualdade efectiva entre homes e mulleres.			0
CA2.7.1 Valoráronse as medidas establecidas pola lexislación para a conciliación da vida laboral e familiar e igualdade efectiva entre homes e mulleres que modifican ou suspenden as condicións da relación laboral.			0
CA2.7.1.1 Valoráronse as medidas establecidas pola lexislación para conciliación da vida laboral e familiar e igualdade efectiva entre homes e mulleres nos supostos de modificación das condicións da relación laboral.	<ul style="list-style-type: none"> PE.1 - sobre as medidas de conciliación da vida laboral e familiar nos supostos de modificación das condicións de traballo, nomeadamente a modificación da xornada, a mobilidade funcional e xeográfica. 	S	10
CA2.7.1.2 Valoráronse as medidas establecidas pola lexislación para conciliación da vida laboral e familiar e igualdade efectiva entre homes e mulleres nos supostos de suspensión da relación laboral.	<ul style="list-style-type: none"> PE.2 - Sobre a repercusión das medidas de conciliación da vida laboral e familiar e igualdade efectiva entre homes e mulleres nos supostos de suspensión da relación laboral por nacemento e coidado de fillos e familiares. 	S	10
CA2.9 Identifícanse as causas e os efectos da modificación, a suspensión e a extinción da relación laboral.			0
CA2.9.1 Identifícanse as causas e os efectos da modificación da relación laboral			0
CA2.9.1.1 Identifícanse as causas e os efectos da mobilidade funcional	<ul style="list-style-type: none"> PE.3 - Sobre as causas e os efectos da mobilidade funcional na relación laboral. 	S	10
CA2.9.1.2 Identifícanse as causas e os efectos da mobilidade xeográfica.	<ul style="list-style-type: none"> PE.4 - Sobre as causas e efectos da mobilidade xeográfica na relación laboral. 	S	10
CA2.9.1.3 Identifícanse as causas e os efectos da modificación das condicións substanciais do contrato.	<ul style="list-style-type: none"> PE.5 - Sobre as causas e efectos da modificación das condicións substanciais do contrato na relación laboral. 	S	10
CA2.9.2 Identifícanse as causas e os efectos da suspensión da relación laboral.			0
CA2.9.2.1 Identifícanse as causas e os efectos da suspensión da relación laboral por motivos de saúde, coidado de fillos e familiares.	<ul style="list-style-type: none"> PE.6 - Sobre os efectos que se derivan da suspensión da relación laboral motivada por deterioro da saúde ou polo nacemento e coidado de fillos e familiares. 	S	10
CA2.9.2.2 Identifícanse as causas e os efectos da suspensión da relación laboral por causas económicas, técnicas, organizativas ou da produción.	<ul style="list-style-type: none"> PE.7 - Sobre as causas e os efectos que se derivan da chamada suspensión por causas técnicas, económicas, organizativas ou da produción. 	S	10
CA2.9.3 Identifícanse as causas e os efectos da extinción da relación laboral			0
CA2.9.3.1 Identifícanse as causas e os efectos da extinción da relación laboral, nomeadamente do despido obxectivo e do disciplinario.	<ul style="list-style-type: none"> PE.8 - Sobre as situacións que poden orixinar a extinción da relación laboral, especialmente das que se encadran dentro do chamado despido obxectivo e disciplinario, diferenciando causas e efectos. 	S	10
CA2.9.3.2 Determináronse os conceptos liquidables no recibo de finiquito.	<ul style="list-style-type: none"> PE.9 - Sobre a totalidade de conceptos, que de modo xenérico, se deben ter en conta como liquidables unha vez se pon fin á relación laboral, dependendo das causas que o orixinan. 	S	10
CA2.9.3.3 Determináronse os prazos, formas e organismos que interveñen na reclamación fronte ao despedimento e as súas consecuencias para a situación económica e laboral do traballador e do empresario.	<ul style="list-style-type: none"> PE.10 - Sobre os pasos a dar para reclamar diante dun despedimento, tendo en conta os prazos e os organismos administrativos e xudiciais competentes e a eficacia da resolución xudicial. 	S	10
TOTAL			100

4.6.e) Contidos

Contidos
0A acción de reclamación fronte ao despedimento: Prazos, trámites, órganos competentes, tipos de resolución e a súa eficacia.

Contidos
Modificación, suspensión e extinción do contrato de traballo. A modificación do contrato: Tipos, causas, procedementos e dereitos do traballador. A suspensión do contrato: causas e efectos. A extinción do contrato de traballo: causas xerais. O despido obxectivo: Formalidades, causas e efectos. O despedimento disciplinario: causas, procedemento e efectos.

4.6.f) Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
<p>A modificación das condicións do contrato. - Analizaranse os tres supostos recollidos polo E. T. nos que o empresario pode modificar o contrato de traballo e as opcións que ten o traballador en cada caso.</p>	<ul style="list-style-type: none"> A profesora someterá ao alumnado un caso práctico no que aparezan diversas situacións nas que traballadores/as dunha empresa se vexan afectados por cambios nas condicións laborais inicialmente pactadas ou establecidas. Sobre o suposto práctico inicial engadiránselle aspectos persoais dos traballadores relativos ás cargas familiares para que o alumnado valore as medidas de conciliación da vida laboral e familiar que lle serían aplicables en cada caso e que matizan o poder do empresario de facer modificacións; ao tempo que xustificarian modificacións na xornada laboral a petición do traballador/a. 	<ul style="list-style-type: none"> O alumnado deberá analizar eses cambios tendo en conta si afectan ás tarefas ou funcións que desempeñan os traballadores/as afectadas, ao seu lugar de residencia ou se se trata de cambios nas condicións substanciais. Partindo desta valoración inicial buscarán información no manual sobre os requisitos a ter en conta para facer efectivos eses cambios e as consecuencias que se derivan para os traballadores/as afectados/as e as accións que poderían exercer no caso de non estar conformes. A continuación farán un esquema coas definicións que corresponden á cada suposto, as causas e os efectos que se derivan en cada caso. Localizar por grupos de 4 información comparada en convenios colectivos diversos, incluíndo o do siderometal, e tamén nas lexislacións de países do noso contorno, sobre medidas de conciliación da vida laboral e familiar, no relativo á mobilidade xeográfica, duración da xornada e permisos e expoñela ao resto da clase. Abrir un debate sobre as medidas de conciliación da vida laboral e familiar en España como instrumento eficaz ou non da igualdade efectiva entre homes e mulleres, e proposta de novas medidas se o consideran oportuno. 	<ul style="list-style-type: none"> Resolución de supostos sobre modificación das condicións laborais iniciais. Esquema das causas de modificación das condicións laborais, requisitos e efectos. Recopilación de información comparada de medidas de conciliación da vida laboral e familiar. 	<ul style="list-style-type: none"> Manual de FOL TIC 	<ul style="list-style-type: none"> PE.1 - sobre as medidas de conciliación da vida laboral e familiar nos supostos de modificación das condicións de traballo, nomeadamente a modificación da xornada, a mobilidade funcional e xeográfica. PE.3 - Sobre as causas e os efectos da mobilidade funcional na relación laboral. PE.4 - Sobre as causas e efectos da mobilidade xeográfica na relación laboral. PE.5 - Sobre as causas e efectos da modificación das condicións substanciais do contrato na relación laboral. 	3,0

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
<p>A suspensión do contrato de traballo. - Coñeceremos as causas que orixinan a suspensión da relación laboral, fixándonos especialmente na que teñen a súa orixe no coidado de fillos e familiares para analizalas dende unha perspectiva da igualdade efectiva entre homes e mulleres e da conciliación da vida laboral e familiar.</p>		<ul style="list-style-type: none"> Enlazando coa actividade anterior e, en concreto coa tarefa de recollida de información sobre as medidas de conciliación da vida laboral e familiar, o alumnado continuará coa mesma fixándose agora nos supostos nos que por nacemento ou adopción, ou ben por coidado de fillos e familiares se suspende a relación laboral. De novo prestarase atención á regulación que se fai en distintos convenios colectivos e nas lexislacións española e de países do noso contorno. Por grupos de tres, elaborarán un traballo no que recollan as medidas lexislativas de conciliación da vida laboral e familiar e o seu reflexo no convenio do siderometal. Debendo facer referencia ás medidas que se establecen noutros países e valorando aqueles aspectos da nosa lexislación que poderían mellorarse ou aqueles nos que son medidas máis avanzadas incluso que nos países veciños. Nese traballo, deberán reflexionar sobre a eficacia ou non desas medidas e no caso de que non sexan eficaces tratar de explicar as razóns. 	<ul style="list-style-type: none"> Recollida de información sobre a influencia do nacemento ou adopción e o coidado de familiares, na suspensión do contrato de traballo e as medidas de conciliación familiar e laboral establecidas ao respecto. Traballo comparando as medidas lexislativas de conciliación, en España e nos países do contorno, e a súa eficacia en prol da igualdade efectiva entre homes e mulleres. 	<ul style="list-style-type: none"> Manual de FOL TIC 	<ul style="list-style-type: none"> PE.2 - Sobre a repercusión das medidas de conciliación da vida laboral e familiar e igualdade efectiva entre homes e mulleres nos supostos de suspensión da relación laboral por nacemento e coidado de fillos e familiares. PE.6 - Sobre os efectos que se derivan da suspensión da relación laboral motivada por deterioro da saúde ou polo nacemento e coidado de fillos e familiares. PE.7 - Sobre as causas e os efectos que se derivan da chamada suspensión por causas técnicas, económicas, organizativas ou da produción. 	6,0

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
<p>A extinción do contrato de traballo. - Estudaranse as causas que orixinan a extinción do contrato de traballo, diferenciando os efectos segundo sexan por causas voluntarias ou involuntarias do empresario e do traballador e aprenderemos a calcular un finiquito e a incorporalo á nómina do traballador. Así mesmo, estudiaremos as posibilidades de reclamación fronte ao despido e as súas consecuencias.</p>	<ul style="list-style-type: none"> Seguindo o manual de FOL fará unha exposición esquemática e clara das causas que poden poñer fin á relación laboral, fixándose basicamente na vontade unilateral, bilateral ou por causas totalmente alleas á vontade das partes. A continuación pasará a explicar de xeito máis detido a extinción por causas obxectivas e por causas disciplinarias. A profesora elaborará supostos de extinción por causas obxectivas e disciplinarias. A profesora fará un esquema cos aspectos que se terán en conta á hora de calcular un finiquito por extinción da relación laboral e, a modo de exemplo, fará cálculos sinxelos de distintos supostos de finiquito e propoñerá outros para que sexan resoltos polos alumnos. A profesora partirá de que temos un traballador despedido que xa percibiu o seu finiquito, pero que reclama e o xulgado declara improcedente o seu despedimento, para volver calcular a indemnización á que tería dereito e como se conxuga este dereito co finiquito xa cobrado. Prantexará un suposto semellante ao alumnado para que o calculen e poidan prantexar calquera dúbida. 	<ul style="list-style-type: none"> Facer un esquema no seu caderno coas distintas causas de extinción da relación laboral. o alumnado, primeiro en parellas e despois individualmente, analizará os supostos prantexados, tendo en conta os feitos motivadores e causas xustificativas para determinar de que tipo de despedimento se trata. A continuación analizarán se o despedimento está ben feito ou non e por que. Por último, valorarán a posibilidade de reclamar, pasos a seguir e organismos competentes. Tomará nota do esquema de finiquito e seguirá o desenvolvemento dos cálculos de finiquito que fai a profesora (por vontade do traballador, por cumprimento do prazo do contrato, por despedimento obxectivo e por razóns disciplinarias). Calculará os supostos de finiquito prantexados pola profesora e tomará nota das correccións. Completará o cálculo dos finiquitos con cálculos de indemnizacións fixadas en sentenzas por despedimento improcedente. 	<ul style="list-style-type: none"> Esquema dos requisitos formais do despedimento. Esquema explicativo das causas de extinción. Esquema dos trámites a seguir na reclamación fronte ao despedimento e os seus efectos. Cálculos de finiquitos sinxelos. Proba escrita 	<ul style="list-style-type: none"> Manual de FOL e caderno do alumno. TIC 	<ul style="list-style-type: none"> PE.8 - Sobre as situacións que poden orixinar a extinción da relación laboral, especialmente das que se encadran dentro do chamado despido obxectivo e disciplinario, diferenciando causas e efectos. PE.9 - Sobre a totalidade de conceptos, que de modo xenérico, se deben ter en conta como liquidables unha vez se pon fin á relación laboral, dependendo das causas que o orixinan. PE.10 - Sobre os pasos a dar para reclamar diante dun despedimento, tendo en conta os prazos e os organismos administrativos e xudiciais competentes e a eficacia da resolución xudicial. 	9,0
TOTAL						18,0

4.7.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
7	A seguridade social	10

4.7.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Determina a acción protectora do sistema da seguridade social ante as continxencias cubertas, e identifica as clases de prestacións.	SI

4.7.c) Obxectivos específicos da unidade didáctica

Obxectivos específicos	Act	Título das actividades	Duración (sesións)
1.1 Achegar ao alumnado ao noso sistema da Seguridade Social como pilar básico dun estado social e de dereito e a súa estrutura e organización. 1.2 Concienciar ao alumnado da importancia que ten cotizar no sistema tanto dende un punto de vista social e solidario como dende unha perspectiva individual e de interese particular. 1.3 Que se identifiquen na nómina os conceptos que se deducen para a Seguridade Social, como calculalos e para que serven. 1.4 Coñecer os requisitos necesarios e a duración dos distintos tipos de prestacións contributivas. 1.5 Facer cálculos sinxelos de prestacións contributivas, dados uns supostos de continxencias comúns e profesionais, maternidade e paternidade. 1.6 Analizar o dereito á prestación contributiva por desemprego e non contributiva. 1.7 Facer cálculos sinxelos de prestación contributiva por desemprego, sinalando duración e contía correspondente tendo en conta uns datos dados.	1	Por que cotizar?.	10,0
TOTAL			10

4.7.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exixibles	Peso cualificación (%)
CA3.1 Valorouse o papel da seguridade social como pilar esencial do estado social e para a mellora da calidade de vida da cidadanía.	<ul style="list-style-type: none"> OU.1 - O papel da seguridade social como pilar esencial do estado social e para a mellora da calidade de vida da cidadanía. 	S	15
CA3.2 Delimitouse o funcionamento e a estrutura do sistema de seguridade social.	<ul style="list-style-type: none"> PE.1 - O funcionamento e a estrutura do sistema de seguridade social. 	S	15
CA3.3 Identificáronse, nun suposto sinxelo, as bases de cotización dunha persoa traballadora e as cotas correspondentes a ela e á empresa.	<ul style="list-style-type: none"> PE.2 - Sobre a resolución dun suposto sinxelo no que se deben identificar as bases de cotización do traballador e as cotas correspondentes a el e á empresa. 	S	20
CA3.4 Determináronse as principais prestacións contributivas de seguridade social, os seus requisitos e a súa duración, e realizouse o cálculo da súa contía nalgúns supostos prácticos.	<ul style="list-style-type: none"> PE.3 - As principais prestacións contributivas da seguridade social, os seus requisitos e a súa duración, e a realización do cálculo da súa contía nalgúns supostos prácticos. 	S	25
CA3.5 Determináronse as posibles situacións legais de desemprego en supostos prácticos sinxelos, e realizouse o cálculo da duración e da contía dunha prestación por desemprego de nivel contributivo básico.	<ul style="list-style-type: none"> PE.4 - As posibles situacións legais de desemprego en supostos prácticos sinxelos, e a realización do cálculo da duración e da contía dunha prestación por desemprego de nivel contributivo básico. 	S	25
TOTAL			100

4.7.e) Contidos

Contidos
A seguridade social como pilar do estado social. Estrutura do sistema de seguridade social. Determinación das principais obrigas das persoas empresarias e das traballadoras en materia de seguridade social. Protección por desemprego. Prestacións contributivas da seguridade social.

4.7.f) Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
<p>Por que cotizar?. - Achegarémonos á estrutura e organización do noso sistema da Seguridade Social, coñecendo de onde saen os recursos e por que é necesario cotizar. Coñeceremos tamén os Reximes e sistemas que integran aos beneficiarios da Seguridade Social e as principais prestacións. Así mesmo, calcularemos de xeito sinxelo prestacións por incapacidade temporal, e prestacións por desemprego.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • A continuación a profesora guiará ao alumnado polo portal da Seguridade Social explicando os niveis de protección do noso sistema, as prestacións e os requisitos para quedar protexido. • A profesora, partindo dos supostos de salario xa resoltos na unidade didáctica anterior, retomará a parte das deducións á Seguridade Social, para reforzar estes conceptos e propoñerá ao alumnado o cálculo das bases de cotización e das cotas de empresarios e traballadores en distintos supostos sinxelos, así como a realización das actividades do manual de FOL. • Exemplificará na clase como calcular as cuantías de prestacións contributivas en distintos supostos de I T, desemprego e xubilación, e elaborará un boletín con exercicios deste tipo para que o realicen os alumnos pola súa conta. Resolveranse na clase, en común, aclarando as dúbidas que se presenten. No caso de que se detecte que algún exercicio é demasiado complexo para alguén a profesora mandará novos exercicios para practicar e revisaráos co/s alumno/s resolvendo as dificultades que poida/n ter. • Elaborar una proba escrita que sirva como instrumento de avaliación do alumnado que recolla os criterios de avaliación desta unidade didáctica, con distintos exercicios de cálculo de bases de cotización e cotas, así como de prestacións contributivas e non contributivas. Unha vez correxida será traída á 	<ul style="list-style-type: none"> • Iniciarase o tema cun debate que parte desta cuestión básica, que servirá para determinar os coñecementos que ten o alumnado sobre este tema e a súa percepción en torno á necesidade ou non de cotizar e que se consigue cotizando. A continuación, como tarefa, por grupos deberán buscar información sobre os sistemas sociais existentes nos países do contorno (cada grupo un país; Francia, Reino Unido, Alemaña, Estados Unidos e Canadá) e facer unha breve exposición de cada un deles ao resto da clase, para concluir sobre os pros e contras que atopan. • Recollerán información e farán un glosario de termos, como afiliación, alta, baixa, prestación contributiva, non contributiva, base de cotización e cota, etc. • Resolver os exercicios do boletín mandados pola profesora, correxilos e preguntará dúbidas. 	<ul style="list-style-type: none"> • Glosario con termos relativos á Seguridade Social. • Actividade comparada dos sistemas da seguridade social noutros países. • Resolución de supostos de cálculo de cotización e de prestacións • Realización da proba escrita como instrumento de avaliación desta Unidade didáctica. 	<ul style="list-style-type: none"> • Manual de FOL. • Portal do Ministerio de Empleo y de la Seguridad Social; aula de la Seguridad Social. • TIC. • Aula de ordenadores. 	<ul style="list-style-type: none"> • OU.1 - O papel da seguridade social como pilar esencial do estado social e para a mellora da calidade de vida da cidadanía. • PE.1 - O funcionamento e a estrutura do sistema de seguridade social. • PE.2 - Sobre a resolución dun suposto sinxelo no que se deben identificar as bases de cotización do traballador e as cotas correspondentes a el e á empresa. • PE.3 - As principais prestacións contributivas da seguridade social, os seus requisitos e a súa duración, e a realización do cálculo da súa contía nalgúns supostos prácticos. • PE.4 - As posibles situacións legais de desemprego en supostos prácticos sinxelos, e a realización do cálculo da duración e da contía dunha prestación por desemprego de nivel contributivo básico. 	10,0



Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
	clase e farase unha posta en común de como debía resolverse.					
TOTAL						10,0

4.8.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
8	O traballo en equipo e a resolución de conflitos	8

4.8.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Participa responsablemente en equipos de traballo eficientes que contribúan á consecución dos obxectivos da organización.	SI

4.8.c) Obxectivos específicos da unidade didáctica

Obxectivos específicos	Act	Título das actividades	Duración (sesións)
1.1 Valorar os aspectos negativos e positivos do traballo en equipo, prestando especial atención a posibles situacións de traballo relacionado co perfil de Técnico Superior en Mecatrónica Industrial. 1.2 Estudaremos as características que fan que un equipo de traballo sexa eficaz. 1.3 Analizaremos e reflexionaremos sobre as actitudes e aptitudes persoais dos individuos en relación ao grupo. 1.4 Estudaremos as técnicas básicas de comunicación, que facilitan a boa marcha do traballo.	1	Os equipos de traballo.	4,0
2.1 Coñecer as causas que orixinan os conflitos e determinar as fases ou etapas polas que atravesan. 2.2 Determinar procedementos para afrontar os conflitos cos que nos atopemos, reflexionando sobre a maneira que temos de afrontalos para mellorar a nosa actitude. 2.3 Analizar conflitos de distinto tipo, sinalando as causas, fase pola que atravesa e como solucionalo.	2	A xestión do conflito.	4,0
TOTAL			8

4.8.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exixibles	Peso cualificación (%)
CA1.1 Identifícanse os equipos de traballo en situacións de traballo relacionadas co perfil de técnico superior en mecatrónica industrial e valoráronse as súas vantaxes sobre o traballo individual.	<ul style="list-style-type: none"> OU.1 - situacións de traballo relacionadas co perfil de técnico superior en mecatrónica industrial e as vantaxes sobre o traballo individual. 	S	15
CA1.2 Determináronse as características do equipo de traballo eficaz fronte ás dos equipos ineficaces.	<ul style="list-style-type: none"> PE.1 - Sobre as características do equipo de traballo eficaz fronte ás dos equipos ineficaces. 	S	10
CA1.3 Adoptáronse responsablemente os papeis asignados para a eficiencia e a eficacia do equipo de traballo.	<ul style="list-style-type: none"> TO.1 - Sobre os papeis asignados para un traballo en equipo. 	S	10
CA1.4 Empregáronse axeitadamente as técnicas de comunicación no equipo de traballo para recibir e transmitir instrucións e coordinar as tarefas.	<ul style="list-style-type: none"> PE.2 - Sobre técnicas de comunicación no equipo de traballo para recibir e transmitir instrucións e coordinar as tarefas. 	S	20
CA1.5 Determináronse procedementos para a resolución dos conflitos identificados no seo do equipo de traballo.	<ul style="list-style-type: none"> PE.3 - Sobre os procedementos a empregar na resolución dos conflitos identificados no seo do equipo de traballo. 	S	15
CA1.6 Aceptáronse de forma responsable as decisións adoptadas no seo do equipo de traballo.	<ul style="list-style-type: none"> TO.2 - Sobre decisións adoptadas no seo do equipo de traballo. 	S	10
CA1.7 Analizáronse os obxectivos alcanzados polo equipo de traballo en relación cos obxectivos establecidos, e coa participación responsable e activa dos seus membros.	<ul style="list-style-type: none"> OU.2 - Sobre a análise dos obxectivos acadados polo equipo de traballo en relación aos obxectivos establecidos, e coa participación responsable e activa dos seus membros. 	S	20

TOTAL	100
--------------	------------

4.8.e) Contidos

Contidos
<p>Diferenciación entre grupo e equipo de traballo.</p> <p>Valoración das vantaxes e os inconvenientes do traballo de equipo para a eficacia da organización.</p> <p>Equipos no sector da mecatrónica industrial segundo as funcións que desempeñen.</p> <p>Dinámicas de grupo.</p> <p>Equipos de traballo eficaces e eficientes.</p> <p>Participación no equipo de traballo: desempeño de papeis, comunicación e responsabilidade.</p> <p>Conflito: características, tipos, causas e etapas.</p> <p>Técnicas para a resolución ou a superación do conflito.</p>

4.8.f) Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
Os equipos de traballo. - Trataremos de descubrir o secreto dun equipo de traballo eficaz, os roles dos seus integrantes e as actitudes persoais que poden orixinar conflito ou xenerar sinerxias positivas.					<ul style="list-style-type: none"> • OU.1 - situacións de traballo relacionadas co perfil de técnico superior en mecatrónica industrial e as vantaxes sobre o traballo individual. • OU.2 - Sobre a análise dos obxectivos acadados polo equipo de traballo en relación aos obxectivos establecidos, e coa participación responsable e activa dos seus membros. • PE.1 - Sobre as características do equipo de traballo eficaz fronte ás dos equipos ineficaces. • PE.2 - Sobre técnicas de comunicación no equipo de traballo para recibir e transmitir instrucións e coordinar as tarefas. • TO.1 - Sobre os papeis asignados para un traballo en equipo. 	4,0

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
A xestión do conflito. - Tentaremos analizar as causas que orixinan os conflitos e o xeito que temos de afrontalos aprendendo técnicas que nos axuden a superalo de maneira positiva.					<ul style="list-style-type: none"> PE.3 - Sobre os procedementos a empregar na resolución dos conflitos identificados no seo do equipo de traballo. TO.2 - Sobre decisións adoptadas no seo do equipo de traballo. 	4,0
TOTAL						8,0

4.9.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
9	A procura de emprego	10

4.9.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA4 - Planifica o seu itinerario profesional seleccionando alternativas de formación e oportunidades de emprego ao longo da vida.	SI

4.9.c) Obxectivos específicos da unidade didáctica

Obxectivos específicos	Act	Título das actividades	Duración (sesións)
1.1 Coñecemento do sistema educativo do que partimos e a súa correspondencia co catálogo Nacional de cualificacións profesionais. 1.2 Autoanálise das aspiracións, motivacións, actitudes e capacidades para tomar decisións profesionais meditadas e realistas. 1.3 Coñecer as posibilidades de emprego e formación noutros estados da Unión Europea para valorar as oportunidades de empregabilidade e formación. 1.4 Deseñar a carreira profesional, tendo en conta as necesidades de formación permanente máis axeitadas á evolución das esixencias do perfil de técnico superior en mecatrónica industrial. 1.5 Identificar as principais fontes de emprego e de inserción laboral dos técnicos superiores en Mecatrónica Industrial. 1.6 Empregar axeitadamente as disitntas técnicas e instrumentos de procura de emprego. 1.7 Valorar as posibilidades e oportunidades de autoemprego dentro do perfil profesional.	1	A carreira profesional e a busca de emprego	10,0
TOTAL			10

4.9.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exixibles	Peso cualificación (%)
CA4.1 Valoráronse as propias aspiracións, motivacións, actitudes e capacidades que permitan a toma de decisións profesionais.	<ul style="list-style-type: none"> TO.1 - aspiracións, motivacións, actitudes e capacidades que permitan a toma de decisións profesionais. 	S	1
CA4.2 Tomouse conciencia da importancia da formación permanente como factor clave para a empregabilidade e a adaptación ás esixencias do proceso produtivo.	<ul style="list-style-type: none"> TO.2 - importancia da formación permanente como factor clave para a empregabilidade e a adaptación ás esixencias do proceso produtivo. 	S	1
CA4.3 Valoráronse as oportunidades de formación e emprego noutros estados da Unión Europea.	<ul style="list-style-type: none"> OU.1 - oportunidades de formación e emprego noutros estados da Unión Europea. 	S	12
CA4.4 Valorouse o principio de non-discriminación e de igualdade de oportunidades no acceso ao emprego e nas condicións de traballo.	<ul style="list-style-type: none"> TO.3 - non-discriminación e de igualdade de oportunidades no acceso ao emprego e nas condicións de traballo. 	S	15
CA4.5 Deseñáronse os itinerarios formativos profesionais relacionados co perfil profesional de técnico superior en mecatrónica industrial.	<ul style="list-style-type: none"> PE.1 - itinerarios formativos profesionais relacionados co perfil profesional de técnico superior en mecatrónica industrial. 	S	20
CA4.6 Determináronse as competencias e as capacidades requiridas para a actividade profesional relacionada co perfil do título, e seleccionouse a formación precisa para as mellorar e permitir unha axeitada inserción laboral.	<ul style="list-style-type: none"> PE.2 - competencias e as capacidades requiridas para a actividade profesional relacionada co perfil do título, e seleccionouse a formación precisa para as mellorar e permitir unha axeitada inserción laboral. 	S	20

Cráterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exixibles	Peso cualificación (%)
CA4.7 Identifícaronse as principais fontes de emprego e de inserción laboral para as persoas coa titulación de técnico superior en mecatrónica industrial	<ul style="list-style-type: none"> PE.3 - principais fontes de emprego e de inserción laboral para as persoas coa titulación de técnico superior en mecatrónica industrial 	S	20
CA4.8 Empregáronse adecuadamente as técnicas e os instrumentos de procura de emprego.	<ul style="list-style-type: none"> TO.4 - técnicas e os instrumentos de procura de emprego. 	S	1
CA4.9 Prevíronse as alternativas de autoemprego nos sectores profesionais relacionados co título.	<ul style="list-style-type: none"> PE.4 - alternativas de autoemprego nos sectores profesionais relacionados co título. 	S	10
TOTAL			100

4.9.e) Contidos

Contidos
<p>Coñecemento dos propios intereses e das propias capacidades formativo-profesionais.</p> <p>Importancia da formación permanente para a traxectoria laboral e profesional das persoas coa titulación de técnico superior en mecatrónica industrial.</p> <p>Oportunidades de aprendizaxe e emprego en Europa.</p> <p>Itinerarios formativos relacionados coa titulación de técnico superior en mecatrónica industrial.</p> <p>Definición e análise do sector profesional do título de técnico superior en mecatrónica industrial.</p> <p>Proceso de toma de decisións.</p> <p>Proceso de procura de emprego no sector de actividade.</p> <p>Técnicas e instrumentos de procura de emprego.</p>

4.9.f) Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos			
Actividade (título e descrición)				Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
<p>A carreira profesional e a busca de emprego - coñeceremos o sistema educativo no que nos atopamos, como punto de partida para o deseño da carreira profesional de cada quen. Reflexionaremos sobre os intereses, as capacidades, aptitudes e actitudes que temos ou debemos mellorar para acadar os nosos obxectivos. Por último prantexaremos a busca de emprego como unta tarefa que hai que preparar.</p>		•	•	•	<ul style="list-style-type: none"> • OU.1 - oportunidades de formación e emprego noutros estados da Unión Europea. • PE.1 - itinerarios formativos profesionais relacionados co perfil profesional de técnico superior en mecatrónica industrial. • PE.2 - competencias e as capacidades requiridas para a actividade profesional relacionada co perfil do título, e seleccionouse a formación precisa para as mellorar e permitir unha axeitada inserción laboral. • PE.3 - principais fontes de emprego e de inserción laboral para as persoas coa titulación de técnico superior en mecatrónica industrial • PE.4 - alternativas de autoemprego nos sectores profesionais relacionados co título. • TO.1 - aspiracións, motivacións, actitudes e capacidades que permitan a toma de decisións profesionais. • TO.2 - importancia da formación permanente como factor clave para a empregabilidade e a adaptación ás esixencias do proceso produtivo. • TO.3 - non-discriminación e de igualdade de oportunidades no acceso ao emprego e nas condicións de traballo. • TO.4 - técnicas e os instrumentos de procura de emprego. 	10,0
TOTAL						10,0

5. Mínimos exigibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

Os mínimos exigibles son os Resultados da Aprendizaxe establecidos no currículo do módulo. Distinguindo as dúas Unidades Formativas temos que para superar a Unidade Formativa 1 Prevención de riscos laborais o alumno terá que acadar os seguintes Mínimos:

1. Recoñecer os dereitos e as obrigas das persoas traballadoras e empresarias relacionados coa seguridade e a saúde laboral.
2. Avaliar as situacións de risco derivadas da súa actividade profesional, analizando as condicións de traballo e os factores de risco máis habituais do sector das instalacións (talleres) de automoción.
3. Coñecer un plan de prevención de riscos e identificar as responsabilidades de todos os axentes implicados.
4. Determinar as medidas de prevención e protección no ámbito laboral da titulación de técnico en eléctromecánica de vehículos automóbiles.
5. Coñecer os procedementos a seguir no caso de emerxencias sanitarias e saber aplicar os primeiros auxilios.

Na UF2 Equipos de Traballo, Dereito do traballo e da Seguridade Social e procura de emprego, tamén hai catro resultados de aprendizaxe a conseguir e non todos teñen a mesma complexidade.

1. Coñecer o convenio colectivo aplicable ao seu sector e saber interpretalo.
2. Identificar os dereitos e as obrigas que derivan das relacións laborais, e recoñecelas en diferentes situacións de traballo.
3. Determinar a acción protectora do sistema de Seguridade Social ante as contingencias cubertas, e identificar as clases de prestacións e determinar o cálculo de algunha.
4. Coñecer os instrumentos de inserción laboral e realizar a carta de presentación e o curriculum vitae
5. Realizar algúns cálculos para a realización de nóminas e saber interpretalas.

Criterios de cualificación.-

Para acadar a avaliación positiva do módulo será preciso acadar o 5 en cada unha das dúas unidades formativas que o integran.

Os instrumentos de avaliación son de dous tipos:

1.- Probas escritas. Unha por trimestre como mínimo.

No caso de non presentarse á proba escrita, deberá existir causa xustificada suficientemente en titoría, e valorada pola profesora para facer a proba en nova data.

Cando haxa máis de unha proba por trimestre farase media entre as probas.

2.- Tarefas e traballos, conforme a uns criterios de tempo, forma e calidade establecidos pola profesora.

As vías de entrega serán determinadas en cada caso pola profesora.

Ben sexa de xeito físico e presencial na clase, ben mediante a aula virtual ou a través do correo electrónico.

Neste tipo de instrumento valórase de xeito inherente o esforzo, interese, responsabilidade e outras competencias persoais e profesionais esixidas polo propio currículo como son a asistencia e a puntualidade.

A non entrega dun traballo, tarefa ou exercicio no prazo establecido poderá solucionarse ampliando o prazo de entrega, tendo en conta as circunstancias do caso, pero si non hai situación extraordinaria xustificable, poñerase un cero na mesma.

A nota final está integrada nun 50% polos resultados das probas escritas e un 50% na realización e presentación das tarefas e traballos en tempo, forma e calidade esixidas. Tendo en conta que a nota descansa ao 50% entre tarefas e probas escritas, non é complicado acadar o aprobado.

No caso de que se advirta algún tipo de argucia ou práctica deshonestas, como pode ser a utilización de recursos ou instrumentos prohibidos na realización das probas escritas (chuletas, teléfono móbil, cascos, etc), ou a entrega de tarefas ou traballos consistentes na simple copia ou plaxio; determinará, aparte da sanción académica establecida polas Normas de Convivencia do Centro, a posibilidade de ter que realizar unha proba de recuperación posterior á data de avaliación na que levará o suspenso. No caso de que a conduta infratora fora na terceira avaliación deberá recuperala coincidindo coa proba extraordinaria de xuño.

No caso de que esta conduta se dera durante a realización da proba extraordinaria de xuño ou nos traballos ou tarefas de recuperación establecidos a tal efecto durante este período de recuperación, implicaría suspender o módulo.

6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

Ao tratarse dun ensino post obrigatorio o traballo e esforzo persoal do alumno é un requisito imprescindible para acadar unha avaliación positiva polo que a realización puntual de tarefas, ter o caderno ou libreta en orde e completo, a actitude respectuosa e participativa na clase, valorarase de xeito positivo, dándolle a oportunidade de repetir tarefas ou traballos que presentados no seu momento poideran presentar algún tipo de eiva ou erro. En caso contrario non se pode falar de recuperación porque xa non houbo ningún tipo de acción pola súa parte que fora avaliada negativamente. Polo tanto, o traballo constante é unha premisa para poder optar a algún tipo de recuperación.

Partindo do antedito e dependendo dos obxectivos didácticos non acadados, deseñaranse unha serie de actividades coas indicacións oportunas de forma e datas de entrega. Nalgúns casos estas tarefas serán utilizadas pola profesora como instrumentos de avaliación e, noutros casos, serán medidas de reforzo e preparación para presentarse a unha proba obxectiva posterior, na que se acredite a superación dos criterios de avaliación pendentes.

6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

Como este módulo ten dúas Unidades Formativas é posible que tendo en conta a temporalización do módulo o alumno acudira con regularidade ás clases durante unha parte do curso no que se desenvolveu unha das unidades e que a teña superada. Neste caso a proba extraordinaria terá por obxecto avaliar se o alumno acada os obxectivos da unidade formativa, na que perdeu o dereito de avaliación.

Cando a perda do dereito de avaliación se produce no primeiro trimestre, o alumno/a deberá presentarse á proba final extraordinaria de xuño con todo o módulo. Sen prexuízo de que poida seguir asistindo ás clases presenciais.

No caso de que teña superado unha unidade formativa e a continuación se produza a perda de avaliación, quedará a criterio da profesora despois de valorar as circunstancias do caso, permitirle conservar o aprobado nesa unidade formativa, debendo presentarse á proba final extraordinaria de xuño coa parte non superada.

Será semellante á que se lles faga aos matriculados en probas libres.

A proba de avaliación extraordinaria terá dous bloques coincidindo con cada unha das Unidades Formativas que ten o módulo.

Dentro de cada bloque haberá unha parte con cuestionario tipo test, preguntas cortas ou a desenvolver, e a outra parte cun exercicio ou varios de

carácter máis práctico ou de resolución de supostos ou casos, do currículo de cada UF.

E ao igual que nas probas libres, será preciso obter un 5, como mínimo, tanto na parte práctica como na parte teórica.

A nota final será a media entre as notas obtidas en cada apartado.

A data, lugar e hora de realización desta proba extraordinaria poderá coincidir coas probas libres e será debidamente comunicada e publicada con antelación.

7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

No caderno de aula de sixa e nesta aplicación de programación, irei reflectindo o avance da programación, explicando as desviacións que se produzan, analizando a adecuación da práctica docente e das actividades de ensino-aprendizaxe previstas ou desenvolvidas ao grupo e aos alumnos individualmente.

Mensualmente serán obxecto de posta en común co resto das membros do departamento na reunión pertinente coa finalidade de analizar a situación e obter algunha conclusión que sirva para mellorar a práctica docente e os resultados.

O final de curso entregarase un cuestionario anónimo aos alumnos sobre a adecuación da TEMPORALIZACIÓN, CONTIDOS, explicacións, exercicios e sobre si a forma de facelos é adecuada ou non, e se hai fallos intentar corrixilos

8. Medidas de atención á diversidade

8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

Aplicarei unha proba para coñecer o nivel que presenta o alumnado no relativo as competencias instrumentais básicas: comprensión lectora, expresión escrita, destrezas matemáticas de cálculo básico, coñecementos informáticos con información sobre se teñen ou non ordenador na casa e acceso a internet. Así mesmo, respostarán cuestións relativas á súa motivación para matricularse no ciclo e sobre os seus hábitos de traballo na etapa escolar previa. Aproveitarei para facerlles unhas cuestións sobre contidos impartidos no inicio do curso e valorar a atención e dificultades que presentan xa de xeito máis específico con relación aos obxectivos do módulo

8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxO artigo 73 da Lei Orgánica 3/2020, de 29 de decembro, que modifica a Lei orgánica 2/2006 de educación, define ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo (ACNEAE) como aquel que afronta barreiras que limitan o seu acceso, presenza, participación ou aprendizaxe, derivadas de discapacidade (diversidade funcional) ou trastornos graves de conduta, da comunicación e linguaxe, por un período da súa escolarización ou ao longo de toda ela, e que require determinados apoios e atención educativas específicas para a consecución dos obxectivos de aprendizaxe axeitados ao seu desenrolo.

Os centros elaborarán as súas propostas pedagóxicas para todo o alumnado (...), atendendo á súa diversidade (art. 18) e específica que os referentes de avaliación, no caso de ACNEE, serán os incluídos nas correspondentes adaptacións do currículo, sen que este feito poida impedirles a promoción ou titulación. Estableceranse as medidas máis axeitadas para que as condicións de realización dos procesos asociados á avaliación se adapten ás necesidades do ACNEAE(art. 28.10 de avaliación e promoción).

Complementando a normativa legal a propia Consellería ten protocolos de actuación para alumnado con dificultades de aprendizaxe (Educonvives) que se toman en consideración.

Tomando en consideración todo o anterior o departamento de Orientación do centro elaborou un dossier que foi posto a disposición de todo o profesorado para guiar a adaptación das respectivas programacións didácticas e que se toma en consideración neste apartado.

A través da avaliación procurárase detectar os problemas de aprendizaxe concretos que presenta o alumnado. Unha vez detectadas posibles necesidades de apoio educativo, poñeranse en marcha medidas ordinarias ou extraordinarias de atención a diversidade, como proceda en cada caso concreto (asesorados polo Departamento de Orientación).

O Departamento propón para o resto de alumnos que o precisen actividades de reforzo e profundización segundo as necesidades de cada alumno/a e adaptárase o ritmo de introdución de novos conceptos. Utilizaranse metodoloxías diversas, dependendo dos contidos que se desenvolvan (cuestións con respostas conceptuais, propoñer debates, redactar e cumprimentar documentos, realizar organigramas, actividades fora da aula en relación co módulo, simulacións na aula...)

Aplicaremos as medidas necesarias en función das necesidades específicas detectadas según o disposto no D. 229/2011 e no Dossier elaborado polo Departamento de Orientación efectivos programados

9. Aspectos transversais

9.a) Programación da educación en valores

Unha das características esenciais que debe asumir o ensino actual é o seu compromiso cunha serie de valores básicos para a vida e para a convivencia, e dicir, a incorporación efectiva nos seus proxectos dos valores éticos (xustiza, solidariedade, igualdade, tolerancia, respecto, paz, saúde,...) que favorezan e fagan posible unha sociedade máis humanizada e democrática.

A educación nos valores non é, soamente, unha dimensión do aprendizaxe a ter en conta no proceso educativo, senón que constitúe un dos factores básicos que determinan a calidade do ensino.

Os valores que favorecen a madurez intelectual e humana dos alumnos englobáanse nas chamadas ensinanzas ou temas transversais, que non constitúen en si mesmos unha asignatura ou módulo, senón que deben ser tratados dende perspectivas académicas distintas e, polo tanto, inciden parcialmente na programación curricular das diferentes áreas.

O Departamento de Administración debe facer fincapé nas súas ensinanzas na necesidade de tratar temas de Ética Empresarial e Responsabilidade Social Corporativa. En todos os módulos, trátase o obxectivo social das empresas e os valores que despois se indican. Ocuparémonos da ética no mundo dos negocios e trataremos de que o alumnado comprenda os principios morais e as normas que guían o comportamento no mundo dos negocios. Como é lóxico tamén é preciso analizar as cuestións éticas da nosa vida. Nas ensinanzas transversais tamén se propoñen valores que deben ser transmitidos:

Educación para a igualdade entre os sexos

Educación para a saúde

Educación ambiental

Educación do consumidor

Unha das características esenciais que debe asumir o ensino actual é o seu compromiso cunha serie de valores básicos para a vida e para a convivencia, e dicir, a incorporación efectiva nos seus proxectos

Utilizarase a prensa para comentar noticias relacionadas co módulo ou termos económicos para que se familiaricen co novo vocabulario.

9.b) Actividades complementarias e extraescolares

Actividades complementarias e extraescolares

-A visita a centros de traballo na que se lles explicara a organización da prevención de riscos e as medidas de seguridade e hixiene adoptadas na empresa e o sistema de integración e implantación da mesma en toda a plantilla.

- A posibilidade de retomar ás visitas aos xulgados do social para presenciar algún xuízo.

- Solicitar a impartición dun taller de primeiros auxilios da Cruz Vermella.

10.Outros apartados

10.1) Publicidade desta programación.

Durante a primeira semana do curso informarase ao alumnado do contido da programación, número de probas escritas que se realizarán, metodoloxía, normas de convivencia e de clase, recursos que se utilizarán, manual recomendado, etc.

Ademais a programación estará colgada na páxina web do instituto para que se poida consultar en calquera momento.

10.2) Pendentes

1. Caso de alumnos que non asistiron ás clases ou que non superaron ningunha Unidade Formativa:

As actividades de recuperación serán:

- A temporalización, respetando a normal asistencia aos módulos de 2º curso, sinalando, de común acordo entre alumnos e profesora, as datas das probas obxectivas e entrega de actividades ou traballos, de maneira, que no mes de marzo estén xa avaliados

2. Caso de alumnos que non superaron o módulo, pero teñen superada algunha Unidade Formativa que o integran:

- Neste caso, os traballos e probas irán dirixidas a acreditar que o alumno acada os obxectivos pendentes, para o que se terá en consideración o informe emitido ao remate do curso académico anterior, establecendo as datas de recuperación, de común acordo

10.3) COPIAR NOS EXAMES

Copiar nos exames será considerada falta moi grave. As persoas que incorran nesa conduta no transcurso dunha proba escrita, retiráraselle o exame e valorarase a proba cun 1, debendo presentarse a unha proba específica en día e hora que se determinará.

No caso de que a conduta afecte a unha proba escrita dentro dunha avaliación que non sexa final, a data de recuperación fixarase para un día da seguinte avaliación.

Se a conduta infratora tivera lugar na terceira ou última avaliación procederase do mesmo xeito, sinalando a proba de recuperación para o período de recuperación de marzo ou xuño, segundo o caso.

No caso de traballos a entregar nos que se observe copia ou plaxio. Serán puntuados tamén cun 1 e dependendo do caso poderá volver a entregalo debidamente nun novo prazo, sufrindo unha penalización na nota que obteña a partir do 5. Ou ben, sen ter que entregar o traballo, deixar o 1, que fará media co resto de notas que teña.

10.4) Procedementos e instrumentos de avaliación deseñados para o ensino non presencial.

Procedementos e instrumentos de avaliación deseñados para o ensino non presencial.

Serán os mesmos que os empregados na concreción curricular de cada resultado de aprendizaxe.

Os exames serán presenciais. Se non se poideran facer de esa forma faríanse a través das plataformas utilizadas para as clases non presenciais e tamén mediante videochamadas.